



Ramón Carballal Pernas

CIENCIA XURÍDICA E GALEGUISMO



**XUNTA
DE GALICIA**



DEPUTACION DA
CORUÑA
www.dicoruna.es



ILUSTRE COLEGIO PROVINCIAL DE
ABOGADOS DE A CORUÑA
1760 - 2000



**Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística**



**IRMANDADE
XURÍDICA GALEGA**

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística

Edita:



PIO GARCIA
EDICIÓN S

Coordinación: Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero

Deseño e maquetación: Pío García

Imprime: Deputación da Coruña

GALEGUIZAR GALICIA

PRÓLOGOS

Sendo a cidade da Coruña a capital xurídica de Galicia, para a súa Deputación é unha honra poder editar este libro dedicado ao maxistrado da extinta Audiencia Territorial, don Ramón Carballal Pernas. Estamos a falar dunha institución que ten as súas orixes na Real Audiencia, que deixou a súa fonda pegada na historia da organización territorial da xustiza en Galicia. É, xa que logo, un acerto que a Irmandade Xurídica Galega, escollese a nosa cidade para celebrar a súa V Asemblea na que se homenaxeará a don Ramón Carballal Pernas, un xurista que soubo interpretar en clave galeguista a idiosincrasia do pobo galego, as relacións sociais e a vertebración territorial. Os montes en man común, a parroquia galega, entidades indisociables, eran para Carballal Pernas o núcleo da organización territorial. A esta finalidade dedicou moitos dos seus traballos teóricos, procurando o recoñecemento xurídico da parroquia como quería a tradición galeguista, e que no dereito comparado ten en Portugal o exemplo máis evidente coas Xuntas de Freguesía.

Diego Calvo Pouso
Presidente da Deputación Provincial

Reconstruír a identidade. Velaí a tarefa que nos debe preocupar a todos. Galicia ten unha historia densa en feitos relevantes. Mais hai moitos aspectos aínda inéditos, agochados ou ignorados inxustamente. Podemos presumir de ter unha historia da literatura abondo sistematiza. Pero non podemos dicir o mesmo doutros ámbitos sociais. Tal é o caso do Dereito. A súa historiografía ten lagoas inmensas que lastran o coñecementos de moitísimos profesionais que teñen acreditados saberes relativos a outros países, pero pouquísimos sobre a ciencia xurídica galega, que son caldo de cultivos para moitos prexuízos lingüísticos.

Velaí a importancia do labor que vén desenvolven- do a Irmandade Xurídica Galega: recuperar a densa tradición xurídica galega, e a de todos os prestixio- sos profesionais do Dereito que afondaron na inves- tigación e coñecemento das nosas xenuinas institu- cións xurídicas.

Se botamos a vista atrás atoparemos a Francisco So- moza de Monsoriu, un xurista da ilustración galega no século XVIII. No seu discurso intitulado “Estorvos, i remedios de la Riqueza de Galicia” podemos atopar

unha ardente defensa dos elementos –cultura e lingua- que definen a nosa identidade. O seu exemplo e o doutros do seu tempo demóstrannos que temos unha historia e un discurso sólido para a defensa das nosas peculiaridades culturais, que deberían ser coñecidos polas novas fornadas de licenciados en dereito.

A esta tarefa convocamos aos colexios profesionais de avogados, procuradores, rexistradores e notarios; aos directivos das escolas de prácticas xurídicas e ao profesorado das facultades de Dereitos das tres universidades galegas. Velaí está o reto que debemos afrontar todos para augurármolles á lingua galega maiores espazos de uso.

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E A IRMANDADE XURÍDICA GALEGA

*Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Irmandade Xurídica Galega*

Os membros da Irmandade Xurídica Galega temos dous vencellos que nos unen: a paixón en defensa da nosa lingua e, en entreita relación con iso, a porfía por conseguir que o galego sexa un idioma de uso normal no mundo do dereito e da xustiza.

Iso explica que as nosas inquiredanzas se desenvolvan arredor de temas como a normalización lingüística e en honrar a memoria daqueles xuristas que, nas circunstancias que lles cadrou vivir, mantiveron vivo o lume do galego.

Tocante ao proceso de normalización lingüística non imos negar que atravesamos unha situación especialmente conflitiva.

Para encadrala, é preciso recordar que a recuperación das liberdades en España vén aparelada ao recoñecemento do dereito ao autogoberno das nacionalidades e rexións; que democracia e autonomía política son dúas caras da mesma moeda e que, no caso das nacionalidades con lingua propia, a declaración de oficialidade desta última e a promoción do seu uso converteuse nunha tarefa prioritaria das correspondentes comunidades autónomas.

O obxectivo da promoción da lingua propia concreouse na normalización do seu uso en todos os ámbitos da vida social e así o establecen as normas constitutivas das anteditas comunidades autónomas, os seus estatutos de autonomía e as leis ditadas con esa finalidade, as de normalización lingüística. Nese contexto, podemos dicir que en Galicia foi callando un relativo consenso sobre a lingua como pilar básico da autonomía política.

Ao longo das tres décadas transcorridas desde 1981, fóronse aprobando medidas a prol do uso do galego que non espertaron serias resistencias, ora polo seu carácter morno ou de política de baixa intensidade, ora por outros factores como a relativa fortaleza demográfica do galego, a proximidade lingüística entre o galego e o castelán, e a posición de simpatía das clases medias.

As resistencias en principio procedían: a) dun sector militante activo, situado na órbita do nacionalismo e con capacidade de influencia no sector educativo, que consideraba insuficientes as medidas legais ou as actuacións adoptadas no marco do proceso de normalización; e b) doutro sector minoritario e re-

fractario nas elites sociais urbanas, frecuentemente procedente doutros territorios, con pouca capacidade de mobilización pero con moita influencia nos enclaves do poder político, económico e social.

Como fitos máis destacables dese proceso podemos salientar a reforma das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego aprobadas pola Real Academia Galega en 2003 e, sobre todo, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que aprobou por unanimidade o Parlamento de Galicia en 2004, que pretendía ser a primeira pedra para dálle un novo pulo á normalización do galego.

O relativo consenso do que falamos estaba baseado en tres convicións encadeadas: a) a asociación entre as ideas de autogoberno de Galicia e a normalización do uso do galego; b) esas dúas nocións contaban cun asenso xeralizado; e c) esas dúas ideas era consideradas como realidades susceptibles de reforma e afondamento.

Paradoxalmente é despois de aprobar o Plan Xeral de Normalización do Uso do Galego, no 2005, despois de se constituír o goberno bipartito que sae das

eleccións autonómicas daquel ano, cando xorden con forza as polémicas públicas, que acadan a súa máxima intensidade, en concreto, por mor do Decreto 124/2007 que regulaba o uso do galego no sistema educativo. O partido daquela na oposición non so censurou esa norma senón que alentou o cuestionamento das bases do proceso de normalización coa discurso da “liberdade de lingua” como oposición á “normalización do galego” que se convertería, aos ollos dos opositores, nun proceso de imposición. Esa mensaxe chegou a xogar un papel estelar no proceso electoral de 2009, tralo que o Partido Popular volve ao goberno autonómico e, a seguir, a Xunta de Galicia adopta unhas medidas que por vez primeira significan retrocesos importantes nas políticas de promoción do galego, apoiadas no discurso da “liberdade lingüística”.

O conto é que a posesión dunha lingua propia é, como dixemos, un dos principais elementos lexitimadores da autonomía política de Galicia e cuestionar a lingua é cuestionar o autogoberno. Na realidade histórica unha cousa vai da man da outra.

Cal é a nosa posición nese debate político e social?.

Esta claro que a idea que subxace á política lingüística é que abandonada ao xogo das dinámicas sociais a situación sociolingüística pode evolucionar, con toda probabilidade, nunha dirección non desexada. En concreto, as políticas de defensa e promoción dun idioma ameazado parten da constatación de que abandonado ás dinámicas sociopolíticas que o levaron á súa marxinación e o empurran cara á súa desaparición, esa lingua de certo desaparecerá.

Aquelas políticas de normalización baséanse pois na vontade dos grupos sociais que non aceptan a subordinación e desaparición de tales idiomas e teñen por obxecto corrixir ou minguar os efectos prexudiciais das dinámicas sociais de distinto tipo que afectan negativamente a unha lingua. En resumo, os defensores da normalización non aceptamos a existencia dun libre mercado das linguas que garanta a súa diversidade.

Neste marco, a política lingüística é unha intervención dos poderes públicos democráticos cara a controlaren os destinos colectivos e a preservaren bens comúns valiosos no canto de deixalos á súa sorte. A política lingüística é un elemento de autorregu-

lación que quere garantir a igualdade e a liberdade dos falantes e dos grupos lingüísticos, preservando o pluralismo.

Ata tempos relativamente recentes, a política lingüística foi sempre unha actividade informal, pragmática e *ad hoc*: cando o seu obxectivo era reforzar unha situación de facto, non está formalizada; pero, pola contra, cando quere corrixir situación de subordinación de linguas minorizadas, vai aparellada a procesos máis amplos de construción de autonomía política e autogoberno.

A idea de política lingüística como actividade específica, continuada e deliberada, formulada de xeito explícito, suxeita a debate público e materializada en normas legais, é recente pero non é un fenómeno exclusivo deste ámbito: a intervención gubernamental noutras esferas da vida social (educación, sanidade, ordenación do territorio, urbanismo, paisaxe, medio ambiente, etc.) experimentou nas últimas décadas transformacións históricas semellantes. As obxecións á política lingüística, como ás actuacións estatais naqueloutros ámbitos, suscítanse desde unha perspectiva de lexitimidade e/ou da eficacia. Os de-

fensores do status quo e detractores dunha política lingüística correctora sitúanse nun marco liberal e os defensores dela, pola contra, consideran inaceptable aquel *status quo*.

A política lingüística require unha orientación clara do proceso no seu conxunto e un desenvolvemento gradual deste. A clareza do obxectivo é fundamental: non é outro que situar o uso do noso idioma en pé de igualdade xurídica e real co castelán. Pero esa clareza do obxectivo debe ir aparellada coa súa adaptación aos distintos contextos e situacións.

A reivindicación do galego foi formulada en termos de modernización do país, como unha restauración ou volta ás orixes. O limiar da Lei de Normalización Lingüística de Galicia de 1983 dío de xeito claro e directo:

“O proceso histórico centralista acentuado no decorrer dos séculos tivo para Galicia dúas consecuencias profundamente negativas: anular a posibilidade de constituír institucións propias e impedir o desenvolvemento da nosa cultura xenuína... A Constitución de 1978, ao

recoñecer os nosos deretios autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo construtivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora. Un dos factores fundamentais desa recuperación é a lingua, por ser o núcleo vital da nosa identidade. A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade...”.

Sen embargo, nos últimos tempos, ao proxecto de normalización lingüística contrapónselle o discurso da “liberdade de lingua”. Isto é así a pesar de que non é que a normalización sexa incompatible coa liberdade da lingua, senón que a democracia é requisito para a normalización. Pero a noción de “liberdade lingüística” é unha aplicación forzada ao eido das linguas das concepcións ideolóxicas neoliberais que pugnan por un individualismo a ultranza, pregoan as bondades do libre mercado e mercantilizan todas as ordes da vida social. O individuo escollería ou pode escoller a lingua que fala nun mercado aberto no que

naturalmente por efecto do xogo da libre concorrencia imponse o idioma máis competitivo, máis apto, o que máis vantaxes ofrece. O vello darwinismo social é a cerna do neoliberalismo lingüístico.

Queren distinguir entre linguas étnicas (propias de identidades impositivas de comunidades pechadas e regresivas) da lingua cívica (asociada á participación na libre cidadanía nunha sociedade aberta e progresiva). Sosteenen que as linguas remiten exclusivamente aos dereitos dos individuos e rexeitan os dereitos lingüísticos colectivos.

O certo é que esas dicotomías ideolóxicas son inaceptables porque a lingua é un fenómeno ao par individual e social (que só se explica na interacción social) e deféndense desde perspectivas ferozmente monolingües. Tampouco é verdade que exista un mercado lingüístico libre porque os idiomas son moitos máis ca mercadorías e as persoas falantes moito máis que simples actores económicos.

Todo iso leva á falacia da imposición do galego: se o galego é lingua oficial en Galicia e o noso ordenamento xurídico, democráticamente constituído,

sinala como obxectivo a normalización do seu uso social, carece de sentido falar de imposición.

En resumo, o uso normalizado da nosa lingua propia en todos os ámbitos da vida social constitúe un signo visible da identidade colectiva. A lingua desempeña un papel central porque é unha estrutura que está presuposta na maior parte das outras estruturas da cultura sen estar presuposta por estas. A normalización da lingua galega é unha tarefa colectiva, un desafío para toda a sociedade galega, que debe ser afrontado solidariamente, cunha perspectiva integradora e non excluín-te.

Para concluír, nesta porfía a prol do idioma galego, este ano 2012 honramos a memoria do ilustre xurista e maxistrado D. Ramón Carballal Pernas porque entendemos que, nos tempos e no contexto social e profesional en que lle tocou vivir e traballar, foi dos homes bos e xenerosos que defenderon a cultura e a lingua galegas, e dos que lle deron pulo aos estudos das institucións xurídicas do país. Constitúe un exemplo que merece pervivir na memoria colectiva do noso pobo.

Queremos agradecer ao Ilustre Colexio de Avogados da Coruña e nomeadamente ao seu Decano, D. Antonio Platas Tasende, a súa colaboración para levar a cabo a edición deste libro conmemorativo así como o apoio recibido para a organización da V Asemblea da Irmandade Xurídica Galega; así mesmo, á Deputación Provincial da Coruña pola colaboración coa impresión do libro-homenaxe, e como non, á familia do Sr. Carballal Pernas que amosou en todo momento a súa boa disposición, poñendo ao noso dispor información e documentación para este libro.

OS TRIBUNAIS E O TERRITORIO

Carlos Varela García

Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

A reorganización do mapa xudicial é considerada na actualidade unha das cuestións centrais do proceso de reforma do sistema xudicial. O actual modelo de territorialización da xustiza, materializado nos vixentes partidos xudiciais, esixe unha revisión e posta ao día en clave de modernización para as necesidades do século XXI.

Neste sentido, a Comisión Europea para a Eficacia da Xustiza (CEPEX), no seu relatorio Territorial Jurisdiction (2003), deulle especial importancia ás cuestións relativas á xurisdición territorial e considerou, en síntese, que a distribución dos órganos xudiciais polo territorio é unha cuestión de especial transcendencia que debe ser revisada regularmente polos Estados.

Os partidos xudiciais responden a unha estrutura de división e dispersión do territorio que se remonta ao século XIX, polo que se fai necesaria unha reflexión sobre as características que debe incorporar un concepto territorial de xustiza renovado e adaptado ás recentes transformacións acontecidas na sociedade.

Hoxe é consensualmente recoñecido que o actual mapa xudicial non foi acompañado das dinámicas territoriais da poboación e dos sectores económicos, o que supón unha clara inadecuación á realidade económica e social do país. Así pois, a pregunta que se debe responder é: poden as institucións que aínda pensan en xestión e organización territorial en clave de perímetros administrativos pechados e estancos facerlle fronte á nova situación que demanda a nova ordenación administrativa territorial?

A sociedade tradicional galega impulsou un sistema de ocupación dispersa do territorio. O 63,2% dos 315 municipios galegos –é dicir, 199– tiñan en 2008 unha poboación inferior aos 5.000 habitantes, o valor mínimo, segundo varias análises da Unión Europea e de diversos autores, para a suficiencia financeira, política e técnica e, polo tanto, para prestar servizos coa calidade, eficacia e eficiencia esixibles.

Por razóns de eficacia e de calidade da xustiza, considérase que estes modelos organizativos territorialmente dispersos deben ser abandonados e superados. En Galicia, existen 45 partidos xudiciais. É, xa

que logo, a terceira comunidade autónoma en número de partidos xudiciais, despois de Andalucía e Cataluña.

O modelo comarcal e supracomarcal, áreas metropolitanas incluídas, como matriz dun modelo de organización xudicial, debe xogar un importante papel nesta nova xeografía da xustiza do século XXI. Este modelo debe conformarse como célula base dunha organización xudicial que recoñeza tanto as novas dinámicas xa existentes como as estratexias de desenvolvemento social e territorial que se queren impulsar.

Estas novas forzas dinámicas de organización do territorio non van ter, por así dicilo, ningún respecto e consideración polas fronteiras administrativas de municipios e provincias tradicionalmente deseñadas e articularanse prioritariamente ao redor da mellora das infraestruturas de transportes e comunicacións.

A propia idea de comarca, como matriz territorial a partir da cal se organizarían os servizos públicos, non vén referida en consecuencia nesta reflexión sobre os tribunais e o territorio á clásica comarca

natural. Trataríase da comarca funcional, baseada na moderna e cohesionada realidade social e económica e materializada polas novas infraestruturas das comunicacións. Podería supoñer a agregación de varias comarcas naturais e a creación dunha estrutura supracomarcal con masa crítica –volume de procesos– e social suficiente como para atender unha poboación en que as distancias –medidas agora en tempo e non en quilómetros– non excedan de media hora dos centros urbanos.

Unha área metropolitana funcional establecida como cabeceira de servizos públicos –e, entre eles, os xudiciais– sería, pois, un espazo territorial no que a poboación se concentra nunha aglomeración urbana na que se establece, entre o conxunto de núcleos de poboación, unha relación de dependencia funcional materializada na existencia de fluxos regulares de intercambio de materias e persoas, que dan lugar ao correspondente movemento de entrada dos procesos. Hoxe en día, máis do 70% da poboación galega reside en municipios de máis de 10.000 habitantes, que se corresponden cos máis dinámicos da comunidade, situados na súa maior parte arredor

das grandes cidades ou en enclaves de actividade económica ou administrativa.

Pode afirmarse, polo tanto, que existe unha deficiente organización no mapa da demarcación xudicial, ao estar pouco adaptada á nova vertebración territorial e ao non ter en consideración, na súa verdadeira dimensión, a xerarquía entre as cidades e as áreas de influencia reais de cada unha delas e o principio de coincidencia entre a división xudicial e a división administrativa do territorio, de maneira que permita optimizar as economías de escala en relación coa necesaria coordinación e articulación entre o sistema de xustiza e os servizos da Administración.

A posible implantación futura das comarcas e áreas metropolitanas en Galicia como matriz territorial de referencia, desde unha perspectiva xurídico-organizativa, para a prestación dos servizos públicos e, dentro destes, os xudiciais, suporá con seguridade un interesante debate e unha reflexión que desborda claramente os límites deste artigo. En todo caso, calquera posta ao día en profundidade do marco institucional supramunicipal deberá actuar en tres ámbitos: o Estatuto de autonomía, a Lei de Adminis-

tración local e as eventuais leis de creación das áreas metropolitanas e urbanas.

A partir desta demarcación xudicial do territorio e da constatación de que os órganos xudiciais están hoxe colapsados con litixios de baixa intensidade, da existencia de moitos falsos litixios indebidamente xudicializados e dunha criminalidade de masa constituída polos delitos contra a seguridade viaria –particularmente, delitos baixo a influencia de bebidas alcohólicas–, a idea dun tribunal de bisbarra ou de pequena instancia para asuntos de baixa litixiosidade ou de baixa intensidade nas ordes civil, contencioso administrativa e penal –por exemplo, ata dous anos de prisión coincidente co mínimo para a suspensión da condena–, é manexada en estudos especializados de carácter internacional.

Os tribunais de comarca converteríanse en tribunais especializados para o tratamento da pequena litigación de “masa”, tanto en materia civil coma criminal. Ocuparíanse de litixios civís e de infraccións penais de menor gravidade, xa sexa en función do valor, xa sexa en razón da materia ou da pena que se vaia impoñer.

Con esta estrutura de asignación da pequena criminalidade masiva a estes órganos comarcais, a actividade dos restantes órganos da xustiza penal podería encamiñarse a emprender a instrución da criminalidade complexa e técnica –ambiental, urbanística, económica, narcotráfico, branqueo e societaria– e, deste xeito, podería dirixir os seus recursos humanos e loxísticos á obtención da proba nos delitos aos que a lei lles atribúe unha maior penalidade e que corren o risco de quedar impunes polas dificultades do sistema para investigalos e ofrecer unha resposta eficaz en tempo e forma.

Finalmente, cómpre significar que o actual sistema de organización da xustiza na nosa comunidade autónoma é o resultado da continua creación de órganos xudiciais, sen identificar suficientemente os “colos de botella” e respondendo exclusivamente a unha proposta de aumento cuantitativo dos recursos –máis tribunais, máis xuíces, máis funcionarios–, e iso malia que os analistas recoñecen que as dinámicas territoriais, demográficas e socioeconómicas, ademais do movemento procesual existente, esixen tamén outro tipo de respostas organizativas que

probablemente serían de maior utilidade para optimizar o servizo público xudicial.

Imponse así unha forma ordenada de actuación para definir esta nova xeografía da xustiza, que debería partir dos seguintes presupostos:

Cumpriría reducir de modo significativo o número dos partidos xudiciais de Galicia como unidades de organización do sistema xudicial e realizar unha nova demarcación territorial, para o que se debería contar co asesoramento dunha comisión, integrada por diversos especialistas relacionados coa ordenación do territorio, que tería como misión formular propostas en materia de reforma do mapa xudicial, con métodos de análises propios para definir límites territoriais completamente diferentes dos tradicionais, tanto no relativo á división xudicial coma á división administrativa.

Seguidamente, sería necesario definir a planta xudicial mediante o establecemento de criterios que permitan unha mellor adecuación da organización e división xudiciais.

Estes criterios, ao noso entender, deberían ter en conta, en primeiro lugar, a realidade comarcal/supra-comarcal como matriz territorial organizativa do sistema xudicial. Esta nova matriz territorial sería máis ampla que a do actual modelo de partido xudicial, a semellanza do que acontece co mapa sanitario da nosa comunidade, onde a comarcalización sanitaria é o principal soporte planificador en relación coa optimización dos recursos.

En segundo lugar, habería que definir as correspondentes masas críticas para a asignación de órganos xudiciais, que estarían relacionadas coa natureza, volume e complexidade dos procesos, así como co desenvolvemento demográfico-social e económico-empresarial de cada territorio, procurando a creación de órganos xudiciais específicos para o coñecemento tanto dos litixios coma dos delitos de “pequena intensidade”.

En terceiro lugar, actuaríase, de ser necesario, co obxectivo de obter os beneficios dunha escala maior, a través da fusión/agregación de varias comarcas e partidos xudiciais e, deste xeito, conseguiríase o suficiente volume de asuntos e evitaríase o desperdicio

da existencia de xurisdicións con pouco volume de procesos.

Consideramos, en definitiva, que a reforma que implique unha posible reestruturación da territorialización da xustiza debe ter en conta a radiografía do país, na súa vertente demográfico-social e económico-empresarial, asociada ás unidades territoriais de base –as bisbarras– nas que se asenta o tecido xudicial.





**ESTUDO SOBRE A VIDA E OBRA DE
D. RAMÓN CARBALLAL PERNAS**

Luís Villares Naveira
Maxistrado

Sumario

45	I. Breve biografía de D. Ramón Carballal Pernas.
47	II. Formación xurídica e desempeño laboral de Carballal.
52	III. Obra e pensamento xurídicos de Carballal:
54	A. O pensamento de Carballal no eido do Dereito civil de Galicia
66	B. O pensamento de Carballal arredor da institución dos Montes veciñais en man común
72	C. A achega de Carballal ao proceso autonómico
76	D. Outros traballos significados de Carballal de temática xurídica galega.
78	IV. A lingua na produción científica de Carballal.
80	V. A lingua na obra literaria de Carballal.
84	VI. Conclusións.
87	VII. Bibliografía e documentación.

I. Breve biografía de D. Ramón Carballal Pernas

Don Ramón Carballal Pernas nace una Habana (Cuba) o 5 de novembro de 1921.

Aos cinco anos de idade, afinouse en Galicia. A súa ascendencia –pais e avós–provén do concello lucense de Muras.

Estudou o bacharelato na Coruña e a carreira de Dereito na Universidade de Madrid, onde obtivo a licenciatura no ano 1944.

En 1947, ingresou na carreira xudicial por oposición. Foi xuíz de Primeira Instancia e Instrución dos xulgados da Fonsagrada, Chantada, Pola de Laviana, Betanzos e Ferrol e, por prórroga de xurisdición, tamén dos de Becerreá, Sarria e O Carballiño.

Posteriormente, acadou a praza de maxistrado na Audiencia Territorial da Coruña e exerceu a xurisdición na Sala Primeira do Civil e, máis tarde, na Sala do Contencioso Administrativo.

Durante este período, foi vicepresidente do Tribunal de Amparo da Coruña.

En 1956, foi nomeado Presidente de Honra do Círculo Recreativo e Cultural de Chantada.

En 1963, obtivo a Cruz Distintiva de Segunda Clase de San Raimundo de Peñafort. Ese mesmo ano é nomeado Avogado de Honra do ICA da Coruña.

En 1969, foi o presidente da Sección IV do Congreso Iberoamericano e Filipino de Dereito Penal e Penitenciario, celebrado na cidade da Coruña pola Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

En 1972, foi secretario do I Congreso de Dereito Galego celebrado na cidade herculina.

No ano 1976, ingresa como académico de número na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, co discurso titulado “Ideario político-social e penitenciario de don Ramón de la Sagra”.

Foi membro do Consello de Redacción de Foro Galego e da revista Xurisprudencia Contencioso-Administrativa. Foi, asemade, correspondente do Instituto de Dereito Procesual e do Instituto Español de Dereito Foral pola Sección de Galicia, así como colaborador na revista Vida Gallega.

Foi académico correspondente da Real Academia Galega

II. Formación xurídica e desempeño laboral de Carballal

Laboralmente, podemos afirmar que D. Ramón lle dedicou toda a súa vida ao exercicio profesional da maxistratura. Do seu carácter de bo estudante dá conta o feito de que, nacendo en 1921, e malia as vicisitudes persoais e familiares provocadas pola Guerra Civil, acada a licenciatura de Dereito en 1944, á idade de 23 anos, e xa en 1947, logo de preparar as correspondentes oposicións, ingresa na carreira xudicial, con categoría de xuíz.

Tanto a súa profesión, coma os destinos aos que esta o levou, cambiarían para sempre a súa vida. O seu primeiro destino foi A Fonsagrada, onde tivo a oportunidade de coñecer de preto a realidade agraria, social e demográfica da vida na alta montaña luguesa e o dinamismo de determinadas institucións de dereito civil de Galicia, por aquel tempo aínda non recompilado máis que a través da xurisprudencia e da práctica notarial, tanto no eido sucesorio, coma de organización do casal e dos montes abertais ou de copropiedade romana ou por cotas. Seguro que a proximidade cos territorios eonaviegos de Grandas

de Salime e os Oscos lle depararían un bo coñecemento da aplicación, no occidente da provincia de Oviedo, de varias das máis senlleiras institucións consuetudinarias galegas, como a compañía familiar e determinadas servidumes e comunidades en materia de augas, ademais, por suposto, da xestión dos montes abertais. Isto fará que dezasete anos máis tarde, co gallo dos comentarios á *Compilación de Dereito Foral de Galicia* de 1963, que estende a súa aplicación en determinados títulos ás comarcas orientais limítrofes coas provincias galegas, bote en falta unha maior e mellor sistemática que permita unha aplicación doutras institucións xurídicas galegas que quedaron fóra, como a propia dos montes abertais. Crítica que podemos manter ata hoxe, xa que nunca se chegou a recompilar nin a legislar, nin antes nin despois da democracia, sobre unhas institucións tradicionais. Tampouco se regularon determinadas relacións entre os homes e a terra e, por iso mesmo, quedaron petrificadas e arcaizadas nos lindeiros das comarcas do occidente asturiano, fronte ás de aquén da fronteira provincial, posto que todas elas respondían ás necesidades do eido labrego, e mentres que o dereito civil galego evolucionou e

se actualizou, non ocorreu o mesmo nos territorios asturianos, onde xa non é posible estender a regulación do actual dereito civil de Galicia, a diferenza do que dispuña a Compilación de 1963.

O seguinte destino de Carballal foi Chantada, que marcaría definitivamente a súa vida, afondando no coñecemento da sociedade e da economía do agro, pero con formas de organización e dinámicas diferentes ás da montaña luguesa. Aquí intégrase axiña na vida da vila chantadina, e dá conta disto o feito de que en 1956 fose nomeado Presidente de Honra do Círculo Recreativo e Cultural de Chantada. Durante este tempo, comezan a aparecer publicados os seus primeiros poemas e prosas en castelán, xénero que non deixaría de cultivar en toda a súa vida. A vinculación de Carballal coa vila non desaparece, aínda que a profesión o leve a novos destinos, e mostra disto é que vinte anos despois da súa primeira participación literaria no libro das festas de Chantada, en 1950, no ano 70 segue publicando, agora xa en galego, co gallo da lembranza dos ausentes.

Da Ribeira Sacra pasa Carballal a exercer a xurisdición en Betanzos, onde non tarda en integrarse na

vida social e cultural da vila, onde participa dos seus círculos literarios e en diversas publicacións do eido local. Nesta altura, o maxistrado comeza a publicar artigos e obras de investigación sobre o dereito civil de Galicia e a súa bagaxe vital vaise fortalecendo canda o seu perfeccionamento profesional, e a experiencia reportada polo exercicio da xurisdición transcede da sentenza á súa obra científica.

Seguidamente, aséntase na cidade departamental de Ferrol, sen esquecer o paso breve por Pola de Laviana, onde exerce igualmente que ata entón a xurisdición nas ordes civil e penal. E foi continuado traballo na xurisdición civil o que lle reportou acadar unha praza na Audiencia Territorial de Galicia, con sede na Coruña, na Sala Civil, na que exercería varios anos, agora xa revisando as sentenzas dos que coma el antes debullaban os preitos na primeira instancia, e fixando e pulindo un corpo doutrinal que, por medio da xurisprudencia, sentou as bases primeiro para a compilación e logo para a revisión, xa en tempos democráticos, mediante a Lei do Parlamento galego do dereito civil de Galicia.

Pero as inquedanzas de Carballal non remataban aí e, nos últimos anos da súa vida profesional, exerceu como maxistrado do contencioso administrativo na Audiencia Territorial, anos que coinciden coa súa participación, en 1977, como académico de número da institución de Xurisprudencia e Lexislación de Galicia, na redacción das bases do anteproxecto do Estatuto de autonomía para Galicia, ao que achegará a súa marca galeguista e a súa calidade técnica.

Unha vez máis, a actividade persoal e profesional de Carballal transcendeu o labor dos xulgados e así é frecuente velo na prensa da época dando conferencias sobre os máis variados temas, dende os montes veciñais ata os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Esta implicación na vida social e xurídica da cidade herculina valeulle xa en 1963 o nomeamento como Avogado de Honra do ICA da Coruña, ano no que tamén lle foi imposta a Cruz Distintiva de Segunda Clase de San Raimundo de Peñafort, máximo galardón co que pode ser recoñecido un xurista, e do que D. Ramón foi xusto acredor.

III. Obra e pensamento xurídicos de Carballal Pernas

Glosar a vida de Carballal unicamente como xurista práctico no exercicio da maxistratura é descoñecer unha dimensión fundamental da súa vida, como é o pensamento xurídico teórico. Carballal foi un pensador galego do dereito e un pensador do dereito galego. A través das publicacións que nos legou, enxergamos un profesional preocupado polas bases teóricas do dereito civil substantivo, que proxecta con mestría sobre o dereito civil de Galicia, do que se preocupa por afondar nos principios xerais que inspiran cada unha das institucións tradicionais do noso dereito consuetudinario, partindo dunha base histórica, describindo a súa recepción na actualidade do seu momento vital e facendo unha serie de achegas para mellorar a incipiente codificación do noso dereito.

Pero Carballal vai aínda máis aló e afonda na teoría xeral das fontes do dereito para xustificar a existencia e a vixencia dun dereito de base consuetudinaria e para crear un corpo doutrinal que fortaleza o discurso da lexitimade da existencia do noso dereito de

cara ao futuro, en pé de igualdade cos demais fenómenos legislativos civís diversos do de Castela dentro do Estado español. Desta forma, Carballal asume a defensa da entidade e a substantividade do noso dereito civil, xa afastado do concepto da foralidade, para caracterizalo por referencia á creación xenuína do pobo galego, que anos despois recollerá a exposición de motivos da Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia, e que reiterará a vixente Lei 2/2006.

A preocupación do autor polas cuestións xurídicas que atinxen ao noso país non se limitan, porén, ao dereito civil, senón que abranguen todo o concenrente á capacidade legislativa de Galicia. Dado é hoxe, logo de trinta e catro anos de Constitución democrática e de Estado autonómico, facer un discurso sobre a extensión e os límites dunha vixente autonomía política para Galicia. O mérito de Carballal foi formar parte da xeración de esgrevios xuristas que foron quen de imaxinala, deseñala e, como veremos, de sinala de xeito incluso máis ambicioso do que despois as Cortes españolas habían permitir.

Pasamos a continuación a debullar os fitos máis importantes da produción científica de Carballal, sen

ánimo exhaustivo, e centrados nos aspectos máis vinculados á súa preocupación polo dereito civil e pola autonomía de Galicia.

A. O pensamento de Carballal no eido do dereito civil de Galicia

Carballal Pernas non foi só un práctico do dereito dedicado ao exercicio da xurisdición. Máis ben ao contrario, foi un teórico do dereito civil que ensaiou en numerosas ocasións as posibles solucións a problemas que hoxe en parte están resoltos grazas ás súas achegas e ás de profesionais da súa xeración, e outras moitas deixounas apuntadas nas súas reflexións, e son aínda obxecto de controversia.

As achegas de Carballal teñen o valor de formar parte da quenda de xuristas dos anos sesenta que lle dan un pulo definitivo á recuperación dun dos caracteres esenciais que definen modernamente as nacións xunto coa lingua: o dereito.

Nun contexto político falto de liberdades democráticas, a obra de Carballal destila un fondo respecto e

un maior coñecemento da idiosincrasia da sociedade galega, e recoñece como ninguén o valor dunha tradición xurídica consuetudinaria reflectida, as máis das veces con receo, por parte da práctica notarial e xurisprudencial. Carballal partiu de considerar esta situación como unha riqueza inmaterial da sociedade, extremadamente útil, posto que prestaba –e presta– un indubidable servizo social e económico á forma de vida dunha poboación por aquel entón maioritariamente rural e dependente da economía agraria. A súa experiencia profesional como xuíz na Fonsagrada, Chantada e Betanzos e, posteriormente, na Audiencia Territorial, valéronlle unha proximidade á realidade física, social e xurídica aos litixios vinculados á economía agraria, que lle fan concluír a necesidade de compilar, actualizar e modernizar as institucións consuetudinarias galegas mediante leis modernas adaptadas ás necesidades daquela presentes na sociedade, tanto no relativo ás formas familiares de convivencia, coma ás relacións xurídicas relativas ao aproveitamento das terras, sen perder de vista andazos tan clásicos coma o minifundismo ou o menor valor da disgregación do lugar acasariado.

Entre as achegas máis relevantes á ciencia xurídica, cómpre destacar “Pasado y presente del Derecho Civil Gallego”, publicado en *Foro Galego* en 1967, a escasos tres anos da publicación da *Compilación de Dereito Foral de Galicia*. Nesta obra, Carballal non se limita a facer unha glosa dos contidos da compilación, senón que dá conta da xénese consuetudinaria do noso dereito; debulla os seus principios reitores e coloca a cuestión da especificidade xurídico-civil galega ao nivel doutros fenómenos xurídicos peninsulares con tradición lexislativa propia, reafirmando que o carácter consuetudinario do noso dereito en nada obsta á súa mesma categorización xurídica e sinalando que “se Galicia non tivo autonomía lexislativa foi por mor de razóns políticas, malia o cal se mantiveron vivas institucións que, agora, se recollen na compilación”. Deste xeito, plántalles cara a xuristas coma Pérez González e Alguer que directamente negaban a propia existencia dun dereito foral en Galicia, ou a tese intermedia de Castán, de admitir situar a Galicia como territorio foral, malia que sen base para iso.

Chama a atención a defensa que Carballal fai da institución da Compañía Familiar fronte a certa doutrina foránea que a considera unha “institución fantasma”. E debemos destacar esta crítica porque, ao longo das décadas, houbo un sector civilista nas nosas universidades que mantivo esta tese e outras semellantes en diversas institucións consuetudinarias, confundindo de xeito ás veces evidente a súa propia ignorancia sobre a realidade social, familiar e económica do mundo rural galego coa realidade mesma. Deste xeito, esta liña discursiva de Carballal segue vixente fronte aos que, dende a asepsia dos despachos, non se molestan en procurar solucións xurídicas aos problemas económicos e convivenciais que a realidade social amosa. No canto de aproveitar a nosa propia tradición xurídica para facer propostas que, partindo da lexitimación histórica dunhas institucións que durante séculos serviron para solucionar conflitos e modernizalas para continuar sendo árbitros desa convivencia, prefiren arrombar coa nosa competencia constitucional na materia (art. 149.1.8 CE), renegando duns principia iuris que informan institucións como a Compañía Familiar e que dan conta dun sentido de unidade e solidariedade

persoal e familiar que debería ter aínda hoxe unha translación xurídica, económica e fiscal, e non só no ámbito rural, senón tamén no urbano, agora que os tempos da insolidariedade na xestión da res publica imponen a volta ás formas antigas de vínculos familiares amplos. Un redescubrimento das verdadeiras redes sociais que ese sector da doutrina criticado por Carballal non soubo ver, e do que fariamos ben en aprender e actualizar.

Unha das críticas de contido que verte Carballal sobre a Compilación refírese á exclusión da regulación dos montes abertais en copropiedade romana e censura que só se refira o texto normativo aos veciñais en man común, cando unha parte importante da provincia de Lugo ten como súa esta forma de titularidade sobre o monte. Unha vez máis, hai que salientar a clarividencia de Carballal, pois esta omisión mantívose ata a aprobación da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia, case cincuenta anos máis tarde, onde cristalizaron os caracteres que o insigne xurista enxergara recollendo a práctica xurisprudencial, á que el non era alleo por exercer a xurisdición

precisamente no Partido Xudicial da Fonsagrada, inzado de montes desta tipoloxía.

É aceda igualmente a súa consideración sobre a forma de regulación dos montes veciñais en man común, na que reproba que o lexislador non recoñeza a parroquia como entidade xurídica e que cree unhas entidades administrativas para a súa xestión, ignorando a forma tradicional de goberno, que se amosaron tradicionalmente eficaces, e acusa o lexislador dunha inxustificada inxerencia do público nunha institución privada de natureza colectiva, e que foi obxecto de tratamento específico noutros estudos de Carballal, como logo referiremos.

Finalmente, critica o maxistrado a exclusión da Compilación da regulación de servidumes relativas ao “agro, agra ou vilar”, do “usufruto de viuvez universal” ou da transmisión indivisa do “lugar acasado”. Unha vez máis, anticipa unha carencia que non se supliría ata a Lei de dereito civil de Galicia de 1995, o que reflicte ata que punto o autor era consciente de que as limitacións da Compilación a facían acreedora dunha substancial reforma, que tardaría en chegar.

Cinco anos máis tarde, en 1972, Carballal, facendo un seguimento da evolución da aplicación da Compilación de 1963, e ante as expectativas dunha revisión do texto vixente, publica, no seo da obra *Estudos do Dereito Civil de Galicia*, o titulado “Ante a revisión do dereito civil especial de Galicia”. Dúas notas cómpre destacar do seu discurso: a primeira, que o tratamento que se lle confire ao noso dereito é o de civil especial e non o de foral e, o segundo, que a obra se publica integramente en galego.

En relación co primeiro, resulta do nomen iuris a asunción definitiva da tese de que o dereito civil de Galicia non vén determinado pola foralidade no sentido político do termo, a diferenza do que sucedía noutras sociedades do Estado, nin vén materialmente determinado nin condicionado pola existencia dos foros como institución característica de relación entre a poboación rural e a propiedade da terra. A superación da antiga forma de denominación, que mesmo o plan de estudos da carreira de Dereito de Santiago de Compostela mantería ata entrado o século XXI, supón un avance doutrinal evidente, que se cohonesta coas modernas concepcións civilistas

sobre a natureza do noso dereito, do que a súa orixe consuetudinaria non é en absoluto impedimento. A diferenza dos sectores críticos con esta consideración, Carballal entendeu dende os seus escritos máis temperáns que a creación popular espontánea tiña a mesma lexitimación práctica e teórica que a existencia dun poder lexislativo antigo, e que facía o pobo galego acredor, chegado o día, da competencia lexislativa na materia, como despois o tempo se encargou de ratificar. A defensa do costume como fonte do dereito é enarborada novamente nesta obra, e igualmente a súa sanción legal, afirmando o autor que “mentres non entrou en xogo a articulación lexislativa entre os dous dereitos, ou sexa, ata o presente, o dereito de Galicia foi desprazado case por enteiro da súa existencia *de iure*, viuse constringido a vivir escondido, na clandestinidade legal. O vigor do costume loitaba por impoñer, con bo éxito ás veces, as máis sen el, as súas normas contra a lei xeral, para ver de suplilas e ata contrarialas cando non se axustaban ás necesidades vitais da comunidade rural (...) por ser suxeito principal desas normas, que coido é o fin esencial ao que debe ordenarse a lei por ser esta mero condicionamento da vida do home”.

En relación co emprego do galego, constitúe este documento un punto de inflexión na produción científica de Carballal, posto que a partir deste momento toda a súa produción científica relacionada co dereito civil de Galicia ou co proceso autonómico estará redactada en lingua galega. Desta cuestión ocupámonos nunha epígrafe á parte.

Polo que se refire aos contidos da obra, ademais de ocuparse novamente do costume como fonte do dereito civil especial de Galicia, dá conta de cal deben ser os fitos que a revisión da Compilación debe abordar, e faino baseándose na súa propia práctica e mais nos datos estatísticos recollidos pola revista *Foro Galego* arredor do uso real das institucións reguladas na Compilación e daquelas que quedaron fóra dela (exclusión xa criticada por el no traballo “Pasado y presente...” xa comentado). Reflicte así a vixencia do dereito das comunidades e sucesorio vinculado ao mantemento da unidade da casa familiar como presuposto da existencia dunha unidade de explotación agraria. Do carácter nuclear que lle atribúe a esta cuestión chega a dicir que “se a casa ou casal non se toma como principio reitor das institucións do derei-

to de Galicia, non se poden entender. Terían, entón, razón, os que falan de que son pezas desarticuladas, pantasma ou fósiles que non poden existir e ás que hai que lles botar o ferrollo dunha lembranza, boa para desbruzarse coma as ondas nas areas da praia dun pasado que non soubemos converter en futuro". Na mesma liña e con base nos datos amosados polas enquisas, fai unha defensa da existencia do usufruto universal de viuvez ou do testamento mancomunado coa delegación da facultade de mellorar, todos eles omitidos ou mal regulados na Compilación, ademais dos costumes galegos contrarios á lei estatal, como a servidume de paso ou o dereito de parceria nas súas diferentes manifestacións. Remata esa epígrafe sentenciando que "hai un dereito vivo, pero se non loitamos para buscarlle novos vieiros, se nas situacións conflitivas que se nos presentan o deixamos esquecido, de seguro que as novas xeracións non crerán que en Galicia houbo, nin hai, un dereito foral".

Crítica tamén Carballal a inadaptación das institucións do dereito común de Castela ás necesidades sociais galegas, e así sinala as interferencias entre

as comunidades de augas e a concentración parcelaria, e as dificultades para regular os dereitos de aproveitamento unha vez adxudicado o terreo de substitución e, dende o punto de vista teórico, a necesidade de vincular os novos terreos aos mananciais existentes mediante o que propón como propiedade derivativa, de sorte que resultase unha sucesión posesoria respecto dos anteriores titulares da parcela. Igualmente, acusa a insuficiencia dos apoderamentos para o caso da emigración, que entende que resultan pouco útiles, e reclama a validez do feito mediante carta polo emigrado, sen prexuízo de que se establezan as correspondentes cautelas. Finalmente, reivindica a necesidade do recoñecemento da adquisición da servidume de paso por medio da usucapión (non recoñecida legalmente ata a Lei 4/1995). Crítica, finalmente, a recente exclusión da Compilación dos montes veciñais e a inxerencia pública na súa xestión e reclama a consideración do pago das lexítimas non como unha pars bonorum, senón como pars valoris bonorum, o que como é sabido non acadou rango normativo ata a Lei de 2006.

Remata o autor reclamando a inclusión na revisión da Compilación de todos os costumes que amosaron estar vivos na realidade social; a necesidade de perfeccionar as institucións reguladas, particularmente a Compañía familiar, para adaptala ás necesidades do seu tempo e facela útil á produción económica familiar, da que deriva a necesidade dun “urxente reaxuste nas estruturas agrarias da nosa rexión galega, e iso sen esquecer os dereitos que por tradición teñen unha constante histórica e que non se opoñen ao progreso”.

Da última obra citada, podemos rematar este apartado cunha pasaxe do maxistrado que ilustra perfectamente a transcendencia que o estudo, o perfeccionamento e o pulido do dereito civil de Galicia ten para el e a súa concepción xurídica:

“Hai que acender a fogueira das nosas inquedanzas como xuristas galegos, na defensa do noso dereito civil especial, que certamente aínda existe, aínda que minimizado; pero as institucións que permanecen abondan na necesidade desa defensa. Hai que loitar por iso para que non se derruben as nosas ilusións. E

hai que loitar xa que, en definitiva, con iso estamos facendo un servizo non só a Galicia, senón a España e ao seu dereito peculiar. A nosa cultura segue en pé e non podemos desvinculala. No camiñar da vida só ela ten permanencia e é o sopro que lles dá vida aos homes dun país. A España é a resultante de moitas culturas. A nosa, a de Galicia, non pode quedar marxinada. E o dereito é expresión desa cultura”.

B. O pensamento de Carballal arredor da institución dos montes veciñais en man común

Aínda que forma parte do dereito civil de Galicia, e sistematicamente tamén foi abordado o seu estudo por Carballal con ocasión de referirse en xeral a el, merece un tratamento diferenciado na obra a súa teima pola regulación que o poder legislativo franquista e posfranquista pretendían para os montes veciñais en man común. O maxistrado exerceu a xurisdición durante longo tempo no medio rural e é consciente da importancia que o monte ten para

a realidade económica da sociedade agraria. Por iso, non perde ocasión de reclamar un recoñecemento legal formal da institución nos termos en que foi transmitindo xeracionalmente de forma consuetudinaria, aínda que adaptándoo e actualizándoo para que lle resulte útil a unha sociedade rural que esmorece polos cambios producidos pola mecanización e a desfeita demográfica da emigración.

Por todo isto, froito do seu exercicio profesional, necesariamente ligado á realidade económica galega a través dos litixios que na orde civil –e incluso na penal– debe coñecer, e que poñen de manifesto a importancia que para a vida da poboación galega ten o mundo agrario, como fonte de riqueza e medio de vida, a peneira do seu sentido xurídico déixase ver nas súas ideas acerca dos montes veciñais en man común. Co gallo do proxecto de lei de montes de aproveitamento comunal –aprobado finalmente en 1967–, Carballal publica un breve pero intenso traballo en *Foro Gallego* titulado “Sobre el proyecto de ley regulando los montes de aprovechamiento comunal pertenecientes a núcleos vecinales”. Nel expón a súa concepción xurídica sobre a natureza deste tipo de

montes e debulla as liñas mestras do que debería ser unha lexislación xusta e fiel reflexo da realidade xurídica da institución de montes veciñais en man común no noso país. Lembremos que corren os anos sesenta, e aínda é polémico na doutrina cal debe ser a natureza xurídica de tales montes, posto que a controversia entre autores coma Paz Ares ou García Caridad sobre a orixe e a tipoloxía xurídica destas terras non tivo un reflexo acabado nin na *Compilación de Dereito Foral de Galicia*, nin na lei de montes, nin noutra norma diferente. Estamos pois ante un momento decisivo no que os xuristas fan as súas achegas ao proxecto de lei. E non é unha pura polémica doutrinal, porque o que xace tras esta cuestión é a clarificación de cal había ser a natureza xurídica dos montes veciñais en man común, como presuposto da regulación do seu contido. Tratábase de lle dar carta de natureza legal á declaración da STS do 22/12/1926 que os declaraba copropiedade de tipo xermánico e que posteriormente fora sancionada pola xurisprudencia e a práctica forense do noso país. Carballal reclama coherencia con esta declaración e, polo tanto, reivindica para os montes veciñais, derivado da súa condición de propiedade privada de tipo colectivo,

liberarse da tutela administrativa que a lei pretendía a favor dos concellos en que se inserían as colectividadeas propietarias, de xeito que as parroquias ou outras entidades poboacionais ficasen supeditadas aos designios que naquel momento representaban unhas corporacións municipais non democráticas e moitas veces ao servizo de intereses alleos á cidadanía á que dicían servir. E manifesta a súa posición con rotunda claridade: “Con isto férese unha tradición viva de inequívoco arraigamento na conciencia do pobo e pola que loitaron os labregos galegos de xeración en xeración (...) podémonos formular este interrogante: o proxecto de lei asegura unha estabilidade xurídica para o futuro, resolve a pugna entre os encontrados intereses do grupo social e a Administración?”, tese que eleva a conclusión cando ao rematar entre as súas conclusións afirmando que o proxecto de lei “esquece toda unha realidade xurídica estable e converte unha propiedade privada en pública”. En liña con esta doutrina, Carballal reclama da lei a exclusión expresa dos montes obxecto de copropiedade romana ou por cotas do ámbito de aplicación da norma; que as disposicións relativas ao aproveitamento do monte sexan establecidas polos

proprios comuneiros, sen que tal materia deba ser regulada polos concellos; que se exclúa do Xurado Provincial de Montes os non xuristas, na actividade relativa á clasificación da natureza do monte; en definitiva, que a regulación legal fose realmente coherente coa natureza privada e colectiva da institución.

Pasado medio século da proclamación das teses de Carballal, podemos afirmar que a súa postura foi a que triunfou e hoxe está reflectida tanto na Lei 13/1989, de montes veciñais en man común de Galicia, coma na Lei 2/1006 de dereito civil de Galicia, onde se definen esta caste de montes como de “natureza privada e colectiva” (art. 60), e caracterizados pola pertenza a uns “grupos sociais e non como entidades administrativas” (art. 56), o que amosa o desferro da pretensión franquista de municipalización destas terras e a súa consagración como unha copropiedade de tipo xermánico.

Anos máis tarde, en colaboración con Pardo Castiñeiras, publica outro traballo sobre o tema titulado “Noticia histórica dos montes e propiedade agraria en Galicia”, na *Revista Galega de Estudos Agrarios*. Nela faise un didáctico repaso histórico polas formas

de propiedade da terra en Galicia e o seu vínculo aos ciclos políticos, para rematar na formulación da tese de que realmente a loita pola redención foral é estéril porque no momento en que se aborda xa estaba abocada á desaparición, chegando a afirmar que “son razóns políticas, electorais as que, dende a orixe, moven a campaña antiforal. O redencionismo e incluso o abolicionismo son cobras de verán, materia periodística até Montero Ríos, con Canalejas ou sen el, dende Teis ou dende a Unión Campesina, fundamento dunha gran carreira política e lugar onde se atopan a Solidariedade e a Unión. O argumento e razón máis sólida dos antiforistas: é perigoso manter o *statu quo* e darlle ocasión a un axitador a tomar esta bandeira para realizar en Galicia unha revolución agraria e social (...). Naturalmente, toda a campaña tiña só a intención política de agachar os verdadeiros males do chan agrario: presión tributaria, falta de investimento, prezos políticos, defectuosa distribución da propiedade”.

Remata o estudo reivindicando para a superación de parte deste problema, que se actualiza cos engados do arrendamento e da parcería, o recoñecemento

dos montes para os labregos, como propiedade en man común “inalleable, indispoñible e inembargable”. Xusto como os caracterizaría dez anos máis tarde a Lei 13/1989, no seu artigo 2.

Se cadra a razón disto foi a chegada da democracia e, con ela, o recoñecemento pleno de dereitos ás comunidades de veciños do común. Xa o advertían Carballal e Pardo pechando o traballo: “Nun porvir non moi afastado, as cousas serán distintas: un día os labregos, os campesiños, aprenderán contas”. Mágoa que en 2012 o 70% dos montes veciñais de Galicia non estean organizados para explotar e gozar dunhas posibilidades que tanto tempo e esforzos levou acadar.

C. A achega de Carballal ao proceso autonómico

O momento histórico que viviu o maxistrado lucense estivo inzado de cambios políticos decisivos, que coincidiron coa súa etapa de madurez persoal e intelectual. Deste xeito, a mediados dos setenta, cando comeza a transición política, Carballal conta

con cincuenta e cinco anos, ten labrado un merecido prestixio e a plena capacidade de liderado xurídico dunha sociedade en constante cambio. Por iso non foi casual que, tras a súa recente entrada na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación (en 1976), esta institución, rextada naquela altura por Iglesias Corral, nomease unha comisión para a redacción das bases do anteproxecto de Estatuto de autonomía para Galicia, da que participaría o eminente xurista.

A comisión estaba presidida polo insigne D. Pedro González, quen coordinou os traballos das comisións sectoriais en que se distribuíu o traballo, tres en total, que tiveron como responsables dos grupos de traballo respectivamente a Pardo Castiñeiras, Carballal Pernas e García Caridad. A primeira encargárase das “Disposicións xerais do Estatuto”; a terceira da “Facenda e os asuntos económicos” e a segunda, dirixida por Carballal, do estudo “Orgánico político”, e que estaba integrada ademais por D. Claudio Movi-lla Álvarez, D. Arsenio Cristóbal Fernández Portal, D. Florentino Vidal Fuentes D. Agustín Sánchez García. D. Antonio Fernández Rodríguez e D. José González Dopeso.

A comisión, cuxa constitución e traballo xerou grande expectación na prensa da época, rematou os seus traballos a finais de novembro e a Academia presentou publicamente as bases do anteproxecto de Estatuto de autonomía para Galicia o 3 de decembro de 1977 na Coruña, coa asistencia dos relatores, entre eles D. Ramón.

En canto aos contidos das bases, cómpre sinalar a amplitude de miras coa que no período aínda constituínte se abordou o concepto xurídico (materialmente constitucional) de autonomía política para Galicia. Por acoutar o ámbito do seu exame, lembremos unicamente que se establece:

- a) A plena cooficialidade de galego e castelán.
- b) A potestade plena de organización do poder xudicial polo poder galego dentro das demarcacións de Galicia, de acordo coa lexislación do Estado, incluíndo o nomeamento dos membros da xudicatura e funcionariado, mediante un sistema de concurso entre as escalas xerais do Estado nos que se esixirá o coñecemento da lingua galega como requisito de acceso.

c) A competencia plena en materia legislativa e executiva en materia civil galega, agás as reservas constitucionais a favor do Estado.

O feito de dedicarse Carballal durante décadas ao dereito civil e ao exercicio posterior da xurisdición contenciosa, fan concorrer nel as virtudes dun profesional douto tanto no dereito orgánico, necesario para concibir as institucións de autogoberno e dotadas de competencias, coma no relativo á organización do poder xudicial en Galicia, coma no dereito civil substantivo, e así atinar na articulación das competencias na materia recollidas a prol do poder galego.

Deste xeito, Carballal apuntalou, onda D. Pedro González, D. José Antonio García Caridad e D. Celestino Pardo Castiñeiras, en coordinación cunha valiosa xeración de xuristas galegos da transición, os alicerces da autonomía que hoxe coñecemos, valor que non sempre é recoñecido aos que deron o seu tempo e nos agasallaron co seu saber, sentando así as bases dunha verdadeira autonomía do benestar que hoxe, a crise, que é unha escusa, que non un motivo, pretende arrombar. Talvez unha relectura dos textos

desta época axudase a máis dun a vencer as tentacións das chamadas á supresión ou restrición da autonomía política, que lle puxo á cidadanía galega o destino nas súas propias mans.

D.Outros traballos significados de Carballal de temática xurídica galega

Co gallo da súa entrada como Académico de Número na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, Carballal le como discurso na solemne sesión de ingreso o día 2 de abril de 1976 a obra titulada “Ideario político-social e penitenciario de don Ramón de la Sagra”. Neste traballo dá conta da vida e obras do polifacético biólogo, filósofo e pensador coruñés, que tivo unha certa influencia nas ideas penais españolas ao longo do século XIX, logo de visitar os centros de reclusión norteamericanos tras a súa estadía en Cuba. A elección de Carballal por este autor responde á necesidade de rescatar do esquecemento a alguén que, tendo feitas grandes achegas ao sistema de execución penal, non fora xustamente recoñecido pasado o tempo. O propio Carballal atri-

búelle que foi un precursor das ideas de Concepción Arenal e de potenciar no afondamento da personalidade do penado e o emprego de medidas educativas durante a reclusión. Unha vez máis, Carballal ofrécenos un documento científico no campo xurídico e histórico, ao que engade un apéndice económico (outra das facetas de De la Sagra) integramente en galego, no que amosa o dobre compromiso coa dignificación da lingua e a súa introdución en eidos aos que historicamente estivera vedada. Esta actitude precursora da década dos setenta e o empeño de Carballal pola depuración da linguaxe xurídica e a extensión no seu uso normal nunha institución que estaría chamada a ser o referente da ciencia xurídica galega e en galego segue de plena actualidade, tendo en conta a falta de visualización da nosa lingua que se fai nesta rexia institución case corenta anos despois da intervención de Carballal, o que non fai senón facer brillar máis o seu empeño e o seu mérito como precursor, e suscita un fondo lamento de non ser a Academia quen de acoller no seu seo plenamente aínda as ideas renovadoras do autor lucense.

IV. A lingua na produción científica de Carballal

En relación co emprego do galego, o estudo “Ante a revisión do dereito civil especial de Galicia”, publicado en 1972 na obra colectiva “Estudos do Dereito Civil de Galicia”, o titulado constitúe un punto de inflexión na produción científica de Carballal, posto que a partir deste momento asume o compromiso lingüístico vinculado á súa produción doutrinal. E dicimos isto porque a súa actividade pública en lingua galega viña sendo unha constante dende 1950, ano no que datamos os seus primeiros escritos literarios na nosa lingua. Pero esta obra ten a significación de vehiculizar o xénero ensaístico tamén en galego, alá polo ano 1972. Sen dúbida, a mellor lección da acción normalizadora, exemplificadora e significada a prol da lingua propia de Galicia foi este paso. Non atoparemos na obra escrita de Carballal en ningún dos xéneros que cultivou alusión ningunha á lingua como tal, nin arengas ao seu favor. Atopamos o que se cadra é o impulso definitivo, a extensión a ámbitos aos que tradicionalmente estivo vedado: o ámbito xurídico. E faíno, tendo en conta os tempos que corrían, vinculado a temas xurídicos de alcance xeral de

Galicia, evitando así calquera tipo de soliviantamento institucional, que acabaría por identificar erroneamente esta actitude como unha prolongación do uso tolerado do galego no ámbito do folclore. Esta intelixente actitude de Carballal fixo que hoxe dispoñamos na súa obra de importantes discursos xurídicos sobre o sistema de fontes do dereito, con cita dos máis relevantes xuristas clásicos e da época na nosa lingua. E todo este patrimonio científico documental senta as bases da superación da diglosia expresada tamén no eido xurídico, na xudicatura e na práctica forense. Carballal foi así un activo integrante dunha xeración de xuristas que tiveron a inxente tarefa de redescubrir os tecnolectos para dotar o seu discurso dunha linguaxe xurídica galega, e converteuse unha vez máis en precursor de obras que aínda recentemente acaban de ver a luz, coma o *Diccionario xurídico galego* (Ed. Xerais, 2011), que seguramente non sería posible sen a consolidada existencia dunha literatura xurídica recuperada na década dos setenta por persoeiros coma Carballal.

A partir deste momento, todas as publicacións xurídicas de relevancia no eido do dereito civil de Galicia,

e máis en relación co proceso autonómico, producíronse en lingua galega, o que reflicte un inequívoco e valente compromiso coa visualización pública do idioma nuns tempos en que a ditadura negaba a súa oficialidade, sendo aínda máis impresionante o seu labor cando se produce no eido xurídico, con pretensións de cambios legais; é dicir, orientadas directamente a seren oídas polo poder.

V. A lingua na obra literaria de Carballal

Carballal foi un home cultivado e sensible que, dende a súa xuventude, tivo o don de saber expresar con palabras os sentimentos que nos identifican a todas e todos como seres humanos. Dende o gusto pola estética na descrición literaria das paisaxes á expresión das dores máis íntimas que chegan coa fin da vida, Carballal nunca renunciou a compartir cos que o rodeaban a súa visión e paixón polo mundo que lle tocou vivir.

Os primeiros escritos publicados dos que temos noticia datan de 1950, co gallo das festas patronais de

Chantada, onde agasalla os chantadinos coa prosa paisaxista “Riberas del Miño” e co poema “El Cantón”, no que dá conta do ambiente do centro da vila. No ano 1956, participa na Festa de Poesía de Chantada co poema paisaxista “Chantada”, os elexíacos “Canción sin nombre”, “Requiem” e “Guerra” e o costumista “Cantiga”. Este último, que narra un milagre dunha romeira na Nosa Señora do Faro, é o primeiro de que temos constancia en lingua galega publicado polo maxistrado.

Pero a súa relación literaria coa vila non rematou aí e, aínda en 1970, temos noticia, tamén co gallo das festas patronais, do poema “Pra os ausentes” dedicado, na nosa lingua, aos emigrados que tiveran que deixar a terra para buscar outras oportunidades. Expresa o propio Carballal que “vai para ti, que vives da outra banda do CHARCO, ise CHARCO feito con sudares e bagoas, sen arumes de piños, de toxos e mainzales”. O que en aparencia eran temas recorrentes na poesía máis folclorista da época, foron empregadas por Carballal para a denuncia, e a emigración foi tratada en máis ocasións, non en termos de saudade, senón de reivindicación da Terra e do retorno

dos seus fillos. Así remata o seu poema: “aínda que a colleita non sexa boa, para ti non faltará”.

As súas colaboracións literarias no eido local foron bastante prolixas e por iso, igual ca en Chantada, temos referencia de publicacións nas festas patronais de Muras (a vila dos seus antepasados) en honra a San Pedro e á Virxe do Cobre, en 1956, co poema costumista “Canto do río Eume”, ou nas festas patronais do San Roque, en Betanzos, co titulado “Cantiga de Betanzos”, en 1975.

Pero o seu traballo literario transcende do eido local en dúas ocasións de importancia.

Dunha banda, nas súas colaboracións en *Vida Galega*. Así, no ano 1955 publica en castelán “Ortigueira. Poema en silueta a su ría”, e uns anos máis tarde, en 1959, “Tío vivo” e os poemas en galego “Ó son da gaita”, “Os cegos” e “Os labregos”. Baixo a aparencia do costumismo, nestes dous últimos hai unha denuncia das condicións de vida dos invidentes: “andades dando tumbos coma os nenos”, sinala o poeta, que remata: “Sopro escuro da vida / irmáns eternos do triste / que os chama nunha mesma esperanza / a das

bagoas acedas e caladas / das que saben todos os ollos: / os vosos, pechos, e os que están abertos á luz". A gabanza aos labregos tamén remata coa declamación dunha arenga: "Cada primavera unha esperanza / cada outono un pensar, / cada vran unha loita / cada inverno un soñar".

Doutra banda, as súas panxoliñas nas felicitacións de Nadal da Revista Xurídica Foro Galego, da que é membro, aínda que el prefere definirse cada ano como "irmán", ao asinar as súas composicións. Nestes textos, publicados ininterrompidamente entre 1968 e 1977, dá testemuño das súas fondas conviccións relixiosas, mais no sentido máis humilde e popular de concibir a relación con Deus, a través do nacemento do Neno, transmitíndolles cada ano aos lectores os seus desexos dun mundo mellor e máis xusto. Precisamente o sentimento de xustiza é unha constante nos seus versos de Nadal: "Heime de facer un (pandeiro) novo/ e que teña outro soar/ que pete para todos os homes: Xustiza, liberdade e paz!" (1972), "Os Beléns da limosna/ xa non nos van. Hai outros camiños/ para nos fartar / camiños enchoídos/ de luz e paz/ camiños que queiman a soidá/ camiños que loi-

tan/ pola igualdá. / Os que xurden da verdade/ e da libertá/ os que queren a xusticia/ e a caridá.” (1976) ou “De xustiza a vida enteira/ e de Amor o contido” (1977).

As súas innumerables colaboracións en revistas e xornais son finalmente recompiladas na súa meirande parte na obra autoeditada titulada *De min pra ti*. No libro, Carballal clasifica a súa propia poesía, da que destacamos o bloque “A miña voz compartida”, compendio de sete poemas de denuncia social, a súa meirande parte en galego, na que arremete contra o racismo, as guerras e o andazo da emigración. Toda unha lección de compromiso do home coa súa terra e co seu tempo.

VI. Conclusións

O coñecemento da vida de D. Ramón Carballal fascina a calquera lector e resulta especialmente brillante a ollos dun xurista. Unha vida intensa, dunha persoa cunha actitude sempre positiva, implicada e participativa nos acontecementos do tempo que lle tocou vivir.

No eido xurídico, cómpre recoñecer a valía dun profesional do dereito que, alén de dignificar a nosa tradición xurídica propia no eido do dereito civil de Galicia, fixo propostas de futuro, coa convicción de que o desenvolvemento da capacidade que ofrecían as institucións propias do noso dereito civil podían supoñer solucións aos vellos problemas dunha sociedade agraria que vía esmorecer, situación á que nunca se resignou. A súa integración en órganos xurisdiccionais da orde civil deixaron unha importante pegada na tradición xurisprudencial galega, marcada indefectiblemente ata hoxe en día polas sentenzas dos anos sesenta e setenta que adaptaron as posibilidades que ofrecía a *Compilación de Dereito Foral* ás necesidades reais da sociedade á que se aplicaba. Ese acerbo xurisprudencial sería definitivo para as reformas que xa en democracia se aplicaron sobre o dereito civil de Galicia na forma en que o coñecemos a través da Lei 2/2006 e que, como demos conta, é debedor de achegas doutriniais apuntadas polo propio Carballal e que tardaron máis de corenta anos en ser texto de dereito positivo, o que deixa máis ás claras constancia da súa clarividencia e sentido xurídico. Igualmente, cómpre destacar a súa participa-

ción no proceso autonómico por medio das bases do anteproxecto de estatuto, coordinando os mellores profesionais do tempo e facendo unha aposta polo autogoberno galego en xeral e da xustiza en particular moi superior ao que posteriormente recoñecería a propia Constitución de 1978 e o Estatuto de Autonomía de 1981, de xeito que, andados trinta anos da súa aprobación, unha relectura destes documentos segue sendo válida para ampliar e mellorar a capacidade de autogoberno de Galicia. Neste sentido, non é arriscado afirmar que Carballal soubo entender cal debía ser a evolución democrática institucional de Galicia que o tempo se encargou de confirmar.

E no aspecto lingüístico, Carballal deu exemplo do seu compromiso e entrega coa lingua e culturas do noso país da mellor forma posible: empregándoa como ferramenta cotiá de expresión das ideas xurídicas. O prestixio da lingua medrou en cada unha das súas obras, de referencia obrigada na materia civilística para os seus contemporáneos, e vehículo do progreso social, algo que no seu tempo foi unha decisión valente e que lles abriu camiño aos novos

xuristas galegos, que xa posuían así referentes inmediatos dos que recoller o testemuño.

Finalmente, transversal a toda a súa obra forense, científica e literaria, cómpre destacar a súa sensibilidade social e o seu espírito de denuncia. Carballal non foi un xuíz corrente. Foi un xuíz comprometido nunha época en que a disidencia se pagaba cara. E aínda así obtivo en cada destino e en cada vila o recoñecemento de persoas e institucións, sinal da existencia dunhas arelas de cambio de liberdade que todos e todas desexaban, pero paraíso afastado ao que só mulleres e homes valentes coma Carballal estaban dispostos a camiñar. A súa vida enteira foi, como el escribira na Panxoliña de Nadal de 1972, un canto á xustiza, á liberdade e á paz.

VII. Bibliografía e documentación

a. Bibliografía xurídica do autor:

-“Ideario político-social e penitenciario de don Ramón de la Sagra”. Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. A Coruña, 1976.

-“De min pra ti. Antoloxía de poemas en galego e castelán”. Autoedición.

-“Sobre el proyecto de ley regulando los montes de aprovechamiento comunal perteneciente a nucleos vecinales”. Foro Gallego. A Coruña, 1966.

-“Ante a revisión do dereito civil especial de Galicia”. Estudos do Dereito Civil de Galicia. Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Ed. Sept, A Coruña, 1972.

-“Pasado y presente del derecho civil gallego”. Foro Gallego, núm. 135-136. A Coruña, 1967.

-“Noticia histórica dos montes e propiedade agraria en Galicia”. Revista Galega de Estudos Agrarios, núm. 2, xullo-nadal, 1979.

-“Sobre el concepto de derecho civil”; “Los procesos posesorios y el art. 41 de la LH”; “Hacia un concepto unitario de la responsabilidad civil”; “Límites de la responsabilidad patrimonial de la Administración”, traballos publicados en diversas revistas xurídicas das que temos noticia, sen poder confirmar a localización bibliográfica exacta.

b. Colaboracións literarias en almanaques e revistas xeneralistas:

-“A Cantiga de Betanzos”, en Betanzos. Festas Patronais. San Roque 1975. Páx. 107.

-“Riberas del Miño” e “El Cantón”, en Festas de Agosto de Chantada. 1950. Páx. 6 e 23.

-“Pra os ausentes”, en Chantada, corazón de Galicia, Festas de Agosto 1970. Páx. 26.

-“Chantada”, “Canción sin nombre”, “Requiem”, “Guerra” e “Cantiga”, en Festa da Poesía, 1955. Círculo Recreativo Cultural de Chantada. Páxs. 17-23.

-“O meu pandeiro”, en El Ideal Gallego, suplemento “Criterio”, 24/12/1978, páx. 3.

-“Os labregos”, “O son da gaita”, “Os cegos”, “Tío Vivo”, Vida Gallega, 1959, páx. 65.

-“Canto do río Eume”, en Muras. Festas Patronais en honra a San Pedro e á Caridade do Cobre, 1956, páx. 7.

-“Cantigas dos Caneiros”, en El Ideal Gallego, ano 1956.

-“Ortigueira. Poema en silueta a su ría”, en *Vida Galega*, segunda época, núm. 3, 1955, páx. 6.

-“Nadal das chabolas”, *No camiño de Belén*”, “Os labregos”, “Cando nace Xesús”, “En tempo de Nadal”, “Foi en tempo de Nadal”, “Unha lúa do Nadal”, “Diante do Belén” e “As pombas da paz”, en *Foro Galego*, *Revista Jurídica General*, postais de felicitación dos anos 1968-1971 e 1973-1977, distribuídos con cadanseu número da revista.

c. Documentación relativa á súa vida e á actividade pública aparecida na prensa escrita en Galicia

-“Imposición de la cruz de San Raimundo de Peñafort a Don Ramón Carballal Pernas”, *El Progreso*, 14/7/1964, páx. 7.

-“En línea con los más acertados modelos europeos”. Reflexións de Carballal acerca da Constitución española nas vésperas do referendo do día 6/12/1978. *El Ideal Gallego*, 1/12/1978.

-“Dentro de veinte días, anteproyecto de estatuto de autonomía”. *La Voz de Galicia*, 11/8/1977, páx. 17.

-“Celebrouse a sesión divulgativa do I Congreso de Dereito Galego”. *La Voz de Galicia*, 21/11/1973.

-“Defensa de los derechos humanos por Carballal Pernas, en OSCUS”. El Ideal Gallego, 28/4/1977.

-“Presentado el anteproyecto de Estatuto de Autonomía”. El Ideal Gallego, 4/12/1977, páx. 6.

-“Lo fundamental sería un ideario tribásico: ciencia, filosofía, revelación”. El Ideal Gallego, 2/6/1978.

-“El magistrado Carballal Pernas, nuevo académico de la Jurisprudencia”. El Ideal Gallego, 3/4/1976, páx. 5.

-“Los versos navideños del magistrado poeta”. Faro de Vigo, 29/1/1978, páx. 32.



CELESTINO PARDO CASTINEIRAS
e RAMON CARBALLAL PERNAS

**Noticia histórica dos montes e
propiedade agraria en Galicia**

Separata da REVISTA GALEGA DE ESTUDIOS
AGRARIOS. Núm. 2, Xullo - Nadal, 1979

NO CAMIÑO
DE
BELEN

*NADALIÑA ADICADA A QUENES CREEN
NO AMOR E NA ESPRANZA*

* * *

E UN AGARIMO
DA
REVISTA XURIDICA XENERAL
FORO GALLEGO



NOS VINTECINCO ANOS DA SUA FUNDACION

ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

ANTE A REVISION
DO DEREITO CIVIL ESPECIAL
DE GALICIA

RAMÓN CARBALLAL PERNAS

(Separata do libro «Estudos do Dereito Civil de Galicia»)



Editorial Sept

XUSTIZA PARA O GALEGO

Xesús Costas Abreu
Avogado

Se (como dicía o TC xa nas súas sentenzas 82/1986 e seguintes) unha lingua é oficial cando é recoñecida polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e nas súas relacións cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos, podemos preguntarnos: é oficial a lingua galega nos órganos xurídicos radicados no territorio galego? faise un uso normal dela? non se practica a tradución forzosa (ao castelán) cando se emprega? existen textos legais dispoñibles en galego? o sistema informático implantado (pola Xunta de Galicia), opera en galego ao igual que en castelán? o persoal xudicial que asistiu a cursos de galego, financiados con fondos públicos, emprega o idioma propio con normalidade...?

Todas estas preguntas, co paso dos anos, vanse “traducindo” nunha máis xeral, en dúas se se quere, imos tomando en serio a oficialidade e a normalización do galego? deben cumprirse as leis na administración de xustiza?

O que non é soportable é este dobre xogo: grandes recoñecementos / nula plasmación práctica, máxime cando logo aparece algún cretino valendo polas vítimas da “imposición”... do galego.

1. En 1978, hai agora trinta e catro anos, aprobouse unha Constitución que daba por rematado un período dictatorial, caracterizado entre outras cousas pola imposición dunha idea de unidade como equivalente de uniformidade (forzosa). Así houbo, había, un partido único, un sindicato único, unha única relixión oficial, un só idioma oficial, etc...

Con relación á cuestión lingüística, a norma constitucional contén un artigo básico, o 3, con tres elementos:

- O mantemento (elemento de continuidade) do castelán como lingua oficial do estado, asociado ao deber de coñecemento e o dereito de uso. Pouco impulso, pouca remoción de obstáculos para a súa plena aplicación requiriría este apartado.

Pola contra, do “deber de coñecemento” do castelán elevado á categoría de elemento central regulatorio, pode doadamente seguirse a continuidade co réxime lingüístico anterior, así sobre a alegación do dereito a declarar en lingua propia, aínda invocando o art. 27 da PIDCP, pode verse o FD 4º da STC 30/1986, en termos enormemente restritivos (en síntese “os

demandantes teñen a obriga de coñecer o idioma no que se lles esixiu que declarasen” de xeito que calquera merma na súa defensa se debería a unha “ignorancia indebida”).

Na STC 2/1987, o dereito ao uso da lingua propia (F.D. 6º), de ser “un dereito de aplicación progresiva, en función das posibilidades da administración en cada momento... non pode ser esixido na súa totalidade de forma inmediata” e ao tempo négase a aplicación do art. 6.3. do Convenio de Roma pola obrigatoriedade do coñecemento do castelán.

Afortunadamente, estes pronunciamentos foron superados, matizados se se prefire, posteriormente. Trinta e tantos anos de aplicación progresiva deberían abondar para que o dereito foste tido por tal.

- O mandato de recoñecemento de oficialidade das demais linguas españolas nas “respectivas” comunidades autónomas e de acordo cos seus estatutos.

Este contido, novidoso e innovativo, exprésase en termos imperativos (“teñen tamén...”) e non meramente dispositivos, e o seu mandado é para seren

“tamén oficiais”, o que non equivale a suboficiais, semioficiais, con carácter territorial (nas respectivas comunidades), con reserva decisoria para as leis orgánicas de estatuto de autonomía.

- O terceiro contido é de carácter xeral, a pluralidade lingüística asúmese como unha “riqueza”, un patrimonio cultural común, que “será” obxecto de respecto primeiro e protección despois. Tal mandato é escasamente compatible coa consideración das linguas propias como problema, obstáculo ou molestia a combater, e deixa pouca marxe á equiparación do seu trato con linguas estranxeiras, tampouco se compaxina coa vontade de arrinconamento ou de traducir o respecto e protección por momificación.

Como en moitas outras cousas, a aprobación da constitución implicaba o compromiso e aínda a obriga de aplicala, desenvolve-la... de eliminar os elementos contraditorios herdados, de crebar as inercias e dinámicas contrarias, de cambiar o paradigma político, xurídico e cultural do uniformismo antidemocrático.

Calquera podía imaxinar daquela moitas cousas e todos sabemos que unha norma constitucional é susceptible de moitos desenvolvementos diferentes, que estes cambian co tempo e que aínda sen modificalas formalmente son obxecto de prácticas diferentes, algunhas acordes aos mandatos, outras menos ou nada.

2. O mandato habilitante do art. 3.2. da CE levouse a cabo coa promulgación da lei orgánica 1/1981 de Estatuto de Autonomía de Galicia no noso caso, e por medio do seu artigo 5 no referente ao idioma galego.

Esta norma ten catro apartados.

- O primeiro recoñece que o galego é a lingua “propia” de Galicia.
- O segundo declara a oficialidade dos dous idiomas, galego e castelán, en Galicia (en toda ela) e o dereito de coñecemento e uso. A parificación pode parecer innecesaria pero ten o efecto de eliminar calquera hipótese de diferenciación (así, non deixa de resultar sorprendente, ou revelador, o emprego sistemático

do cualificativo “oficial” só para unha delas e “cooficial” para a outra...), o réxime é, pois, de dobre oficialidade.

- O terceiro elemento é o mandato de impulso normalizador do coñecemento e emprego de galego en “todos os planos” da vida pública e social (“cultural e informativa”), que se vincula coa garantía do uso normal e oficial dos dous idiomas. Este mandato ten que poñerse en relación co art. 27.20, a Comunidade Autónoma só ten competencias exclusivas, precisamente, en relación coa “promoción e ensino” do galego; esa -e non a contraria- é a súa razón de ser institucional neste campo.

- O último, como cláusula de peche é a proscripción da discriminación “por causa da lingua”.

Os contidos innovativos do EAG son, pois, o recoñecemento da oficialidade (por reenvío recepticio do mandato constitucional), así como o carácter de lingua propia, e a obriga normalizadora para promover activamente a recuperación do galego, superando as consecuencias do uniformismo lingüístico coactivo do franquismo e as inercias provintes do sistema político anterior.

A importancia “histórica” do art. 5 EAG deriva de que é o primeiro texto legal vixente que establece a oficialidade do galego no territorio de Galicia. O feito da territorialidade do carácter oficial implica: a) que non hai, nin pode haber, ningún ámbito exento, local, institucional ou social das consecuencias do estatuto de oficialidade; b) que a sorte do galego e da súa recuperación élle encomendada, como competencia e como deber, aos órganos da C.A., e c) presenta o problema dos órganos “comúns ou centrais” da estrutura estatal e do recoñecemento neles de facilidades lingüísticas ou, pola contra, a negación da posibilidade do uso pleno dos idiomas diferentes do castelán, cuestión esta que ten notable importancia en ámbitos como o do poder xudicial/administración de xustiza nos que a comunidade autónoma non ten máis título competencial que o do art. 20.1, que encabeza o capítulo I do título I do EAG.

O artigo 25 da Lei orgánica estatutaria galega establece que:

“Na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da

administración de Xustiza, será mérito preferente a especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do país”.

3. En 1983 apróbase a L. 3/1983 de normalización lingüística. Esta lei contén un só artigo no seu título II, “Do uso oficial do galego”, o 7º referido ás actuacións xudiciais en Galicia, con tres apartados:

- O recoñecemento de que os cidadáns, no ámbito territorial de Galicia, poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa administración de xustiza.

- A declaración de plena validez e eficacia das actuacións xudiciais en calquera das dúas linguas oficiais de Galicia, e o “dereito” de calquera interesado ou parte a ser notificado na lingua oficial que elixa (cunha redacción certamente mellorable).

- O mandato á Xunta de Galicia, de promover “de acordo cos órganos correspondentes” a “progresiva normalización do uso do galego na administración de Xustiza”, mandato e proceso inéditos, omitidos, e incumpridos tanto pola Xunta como polos órganos correspondentes.

Nin sequera durante o período (desde a Lei 1/2005, pasando polo D 575/2005, ata a Lei 1/2007) no que a Academia Galega de Seguridade foi transformada en Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia se notou ningún avance substantivo neste asunto, tampouco a aprobación do RD 2397/1996 e o D 438/1996 supuxeron ningún paso adiante no impulso institucional real do uso da lingua propia nos órganos xudicias en Galicia.

Sabido é que o Tribunal Constitucional, no seu papel de lexislador negativo, anulou un inciso do artigo 1 da LNL que equiparaba plenamente o galego ao castelán sobre a base dunha argumentación tan pobre como discutible (por non se ter feito isto na lei orgánica estatutaria, e isto só ata a STC sobre o actual estatuto catalán que pechou tamén esta vía). A STC 84/1986 contén tamén consideracións sobre o artigo 7 da LNL do que vimos de tratar.

O que o goberno central recorreu en inconstitucionalidade da LNL foi precisamente o art. 1.2. (o deber de coñecer o galego) e o art. 7 enteiro.

O FX 3ª da STC 84/1986 dedícaselle precisamente ao art. 7, con remisión ao fx 11ª da STC 82/1986 sobre a correlativa lei vasca, e cun inciso final sobre a normalización progresiva do uso do galego na administración de xustiza “no ámbito das respectivas competencia” e cos “medios e o ritmo da necesaria adaptacións esixencias do réxime de cooficialidade”.

O voto particular do maxistrado Rubio Llorente, logo de partir da errónea afirmación de que o art. 7 da lei impugnada é unha “norma de contido idéntico” ao art. 231 da LOPX, o que véxase como se vexa, non é certo, inclínase pola incompetencia da C.A. nesta materia. Tal posición era plenamente coherente co seu voto particular na STC 82/1986 no que afirmaba, sen dúbidas, a existencia do dereito a coñecer e usar as dúas linguas oficiais e que o estado e a comunidade tiñan que impoñer (nas administracións e entidades dependentes de cada un deles) os deberes correlativos a ese dereito.

4. Se a LNL non é moi explícita en relación coa regulación do galego no ámbito xudicial, podemos pensar que a explicación desta omisión se deba a que se

trata de materia competencial estatal, o que nos leva á L.O. 6/1985 do Poder Xudicial (LOPX), que:

a) No título III, “das actuacións xudiciais”, e no seu primeiro capítulo titulado “da oralidade, publicidade e lingua oficial” (así en feminino singular no orixinal), contense o seu artigo 231, que é a norma básica “adaptativa/restritiva” do réxime lingüístico constitucional para o ámbito xudicial.

Paga a pena ler en paralelo este artigo 231 da LOPX, co art. 36 da LRX-PAC para ver e analizar as diferenzas regulatorias que van ben máis alá do formal, se contraponen e revelan dúas concepcións diferentes, e escasamente compatibles, do réxime lingüístico vixente.

A redacción do art. 231 da LOPX ten consecuencias como as STS do 2-3-1989 e 13-2-1994, de advertencia a uns órganos xudiciais cataláns por falta de tradución ao castelán duns documentos, malia o recoñecido coñecemento do catalán por varios compoñentes da Sala. En igual sentido a STS do 5-6-1992, dedícalle o seu FD 2º ao feito de que a sentenza apelada estea redactada en galego, o que é “factible” por mor do

art. 5 da EAG pero “a Sala non coñece dita lingua” e esixe para o futuro “tradución certificada en lingua castelá que é a lingua española oficial do estado ao ser a lingua galega oficial na súa comunidade”, signifique isto o que signifique.

Obviamente, a outra opción, tal vez máis simple e acorde ao carácter de patrimonio comúnda pluralidade lingüística, sería a de asegurar a dotación de persoal cualificado en todos os idiomas españois oficiais nos órganos común do estado, acomodándoos así ao novo réxime lingüístico derivado da Constitución e dos estatutos. É máis, non sería moi ousado pensar que ese persoal cualificado xa existe na actualidade neses órganos, é un simple problema de decisión.

b) Se o artigo 231 se refire ás “actuacións xudiciais”, aos usos orais e escritos, hai outros artigos nesta lei sobre coñecementos lingüísticos do persoal xudicial e da administración de xustiza.

Sorprende, en primeiro lugar, que non haxa unha regulación unitaria neste asunto, que aparece dispersa:

- Para os xuíces e maxistrados (a “carreira xudicial”) o art. 341 refírese, primeiro, á “provisión das prazas” de presidentes de tribunais superiores e audiencias, dispoñendo que o CXPX “valorará como mérito” a “especialización” do dereito civil especial e “o coñecemento do idioma propio”. Chama a atención a mestura destes dous elementos, dereito civil especial (e non o conxunto do dereito da comunidade autónoma respectiva) e o “coñecemento (desvinculado do uso) do idioma propio”. Nos dous casos só como “mérito”.

No seu segundo apartado de aplicación máis xeral para os “concursos para órganos xurisdiccionais”, remítese ao regulamento que determine “os criterios de valoración” do coñecemento do idioma e do dereito civil especial como “mérito preferente”.

- Para o conxunto do “persoal ao servizo da administración de xustiza”, o art. 471 establece un mandato ou previsión xeral de valoración como mérito do coñecemento da lingua oficial propia “nos termos que se establecerá regulamentariamente”. Tan ampla remisión ao regulamento tivo como resultado un protagonismo notable do Tribunal Supremo im-

poñendo os seus criterios sobre os órganos titulares da potestade regulamentaria na materia, como veremos.

A LOPX foi obxecto (na súa versión inicial L.O. 6/1985) dun recurso de constitucionalidade promovido polo deputado (e actual ministro do ramo) Sr. Ruiz Gallardón e outros do seu grupo, que se resolveu pola STC 108/1986.

Foi tamén impugnado polas comunidades catalana, vasca e galega, nuns recursos de inconstitucionalidade que, acumulados, foron resoltos polo STC 56/1990.

Os tres impugnarón o artigo 231 (antecedentes 1.g, 3.a. e d. e 4.j e FFX 40 e 41) así como art. 431 (FX 11.d)

O FX 45.a. analiza o absurdo do “dereito civil especial e foral” facéndoo equivalente ao “dereito propio”, con mención tamén ao carácter complementario do art. 341 da LOPX co 25 EAG.

Paga a pena lembrar as valoracións que fixeron os art. 231 da LOPX, as representacións das tres nacio-

nalidades históricas con lingua propia: “... o art. 231 ... está descoñecendo a cooficialidade do catalán e o castelán ao establecer que o castelán será a única lingua oficial da administración de xustiza e ao relegar a unha mera posibilidade o uso das linguas autónomas ... ao relegalas... a unha oficialidade residual e de segundo grao...”.

“... arbitrariedade neste punto... apartado 1 e 3 do art. 231 ... que... establece un idioma para os funcionarios e outro para os administrados... imponlle aos funcionarios o uso obrigatorio dun só idioma... na Comunidade Autónoma de Galicia existen dous idiomas oficiais, un dos cales resulta... excluído”.

“O artigo 231... adopta un sistema que non se acomoda ás esixencias que derivan do art. 3 da Constitución e... 6 e 9 do Estatuto... pois contempla o uso do eusquera como mera posibilidade, establecendo... unha oficialidade residual e de segundo grao....

O parágrafo 4 do art. 231 da LOPX foi obxecto dunha modificación pola L.O. 16/1994 (art. 8) en relación coa tradución de textos da lingua propia ao castelán, substitúese o anterior criterio subxectivo (“por man-

dato do xuíz”) por outro normativo/obxectivo (“cando así o dispoñan as leis”).

Contra esta modificación presentou recurso de inconstitucionalidade D. Federico Trillo e os seus, oponéndose a calquera atribución de competencias na materia ás comunidades autónomas e expoñendo as súas teses lingüísticas (antecedente I.2.E. da STC 105/2000) contra a modificación do art. 231.4. En síntese defendían o dereito dos xuíces a ordenar libremente a tradución da “lingua autónoma” ao castelán porque se non se “forzaría” aos xuíces a coñecer a lingua propia oficial das comunidades autónomas.

Os FFDD 11 e 12 desta sentenza 105/2000 resollen a cuestión cunha desestimación interpretativa no medio da cal se deslizan algunhas afirmacións que dan, simplemente, medo, en concreto:

“... as partes procesuais... sempre poden alegar indefensión para obrigar a que as actuacións xudiciais se desenvolvan en lingua castelá...”

Sobre iso pode verse a STS do 20-5-1996 (que rexeita unha alegación de indefensión por unha sentenza

en galego), ou a STS do 15-4-1997 (no que é o “letrado”, e non a parte, quen solicita tradución).

Hai que dicir que esta apoloxía do dereito a descoñecer unha lingua oficial non foi aínda superada co tempo.

5. O acordo do pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 23-10-1991, desenvolvendo o regulamento previsto no art. 341.2 da LOPX foi recorrido por diversos membros da carreira xudicial.

A STS do 29-4-1995 estimou o recurso ao considerar que a valoración do idioma non era razoable nin proporcionada (asignación do equivalente a seis anos de antigüidade).

O RD 429/1988 (regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais) foi recorrido por diversos secretarios no seu art. 33.7 (asignación de seis anos de antigüidade polo coñecemento da lingua oficial da comunidade nos concursos para vacantes dentro dela). O FD 12º da STS do 7-11-1995, acolléndose aos contidos da STS 29-4-1995, estima tamén este recurso.

O RD 249/1996 (regulamento orgánico dos corpos de oficiais, auxiliares e axentes xudiciais) foi tamén recorrido nos seus artigos 5.11, 20 e 54. Neste caso (FFDD 4º e 11º) foron desestimados por ata seis sentenzas do 16-4-1998, ao apreciarse que existen diferenzas entre as convocatorias territorializadas para comunidades con lingua oficial propia e as demais, non se aprecia desigualdade, e se afirma a existencia de cobertura legal nos art. 471 e 491 da LOPX, a máis de graduarse a valoración do coñecemento por niveis ata un máximo de 6 puntos.

Estes dous fundamentos (4 e 11) foron obxecto dun voto particular de dous maxistrados defendendo o mantemento da posición anterior máis restritiva que considera o coñecemento da lingua oficial propia como un “elemento accidental” extraxurídico.

Curiosamente un dos dous asinantes do tal voto “particular” anterior resulta ser o relator da STS do 16-6-1998, tamén en relación co RD 249/1996, paga a pena ler a modo os fundamentos de dereitos 1º e 2º desta sentenza, nos que o autor argumenta o contrario ou viceversa do que viña de dicir.

Tamén a STS do 1-3-1999 se pronuncia sobre o RD 249/1996 e a valoración do coñecemento das demais linguas oficiais, asumindo xa que se trata dun mérito entre outros, con normalidade, e como doutrina xurisprudencial reiterada.

Esta nova liña, menos pechada que a inicial, é a seguida polas SSTS do 1-3-1999 (sobre o RD 249/1996), do 15-10-1999 (sobre a modificación do art. 108 e ss. do regulamento da carreira xudicial), e do 21-10-1999 (con igual obxecto e que resolve o recurso dunha asociación profesional).

Rematamos aquí. Hai máis pero como dicíamos ao principio, con estas regulacións, con estas argumentacións e pronunciamentos xurisprudenciais..., é o galego realmente oficial no ámbito xudicial? pode a administración de xustiza opoñerse a que se apliquen normas de máximo rango coas desculpas máis variadas e coas argumentacións máis abstrusas. Preguntar non está prohibido, non?

REVISTA JURIDICA GENERAL

FORO GALLEGO



EPOCA V - AÑO 1974 - NUM. 161



RAMÓN CARBALLAL PERNAS
E O I CONGRESO DO DEREITO GALEGO

Antonio Platas Tasende

*Avogado. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de A Coruña.
Presidente do Consello da Avogacía Galega.*

Evocar a figura humana e xurídica de Ramón Carballal Pernas é volver atrás no tempo. E a pesar de que pasaron tres décadas, parece que foi onte.

Quen o tratou, en maior ou menor ou menor proximidade, recordará a súa sinxeleza, mesura, respecto na conversación afable e directa. Pausado en ademáns, disposto ao diálogo construtivo e sempre con elegante vestimenta. E xa no campo xurídico era un maxistrado moi competente, preparado dogmaticamente e que destacaba pola exquisita corrección en linguaxe e motivación das súas resolucións. Todo un luxo para a avogacía e dende logo para a xustiza con maiúscula.

Sirva esta pequena introdución antes de internarnos no papel que desempeñou no I Congreso de Dereito Galego, que non podía prescindir do seu protagonismo por unha dobre consideración: dun lado, xa residindo na Coruña e sendo maxistrado da Audiencia Provincial, e tal como queda exposto pola súa innegable categoría e autoridade en materia xurídica, e doutro, polo seu concreto coñecemento do dereito galego e do seu amor a esta terra.

Non é estraño que no libro que se editou sobre o dito congreso que tivo lugar os días 23 ao 28 no ano 1972 na Coruña, e logo dunha fotografía de don Manuel Iglesias Corral que presidiu tal congreso e, á sazón, era presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e decano do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, apareza inmediatamente unha páxina con este texto:

“Cando con fecundidade admirable, inclina unha fronte sobre o traballo construtivo en beneficio da causa común, suscita no noso espírito unha caudalosa admiración, unha gratitude da que hai que deixar pegada, e o rigoroso deber de recoller a exemplaridade brillante que por tal modo se sementa para a que as motivacións que transcenden a través destas liñas sexan compartidas por todos, no culto dunha estimación, distinta e especial, para a alta calidade de quen afronta cos seus ilustres dotes.

Estas palabras son para o doutor D. Ramón Carballal Pernas, o maxistrado insigne que, despois da súa achega ás tarefas do noso I Congreso de Dereito Galego, en todos os seus aspectos, cien-

tífico e de desenvolvemento deste, acrecentou aínda aquela achega coa tarefa -unicamente súa- de confeccionar o presente libro”.

Non cabe dúbida ningunha da esixencia de D. Manuel Iglesias Corral para incorporar tal texto. Quen tratou e coñeceu a fondo a D. Manuel, coma min, intúe que foi o redactor persoal desa nota, e tería que vencer a natural sinxeleza e desexos de pasar inadvertido do propio Ramón Carballal Pernas.

Hai que situar a realización do I Congreso de Dereito Galego naquel tempo en que aínda non chegara a democracia, a lingua galega non tiña carta de natureza por incompatibilidade coa ideoloxía do réxime, e calquera expresión falada ou escrita era mirada escrupulosamente e sometida a censura.

Non sei se me criticarán cando afirmo que ese congreso tivo moito de risco e aínda de heroísmo, polo contexto conxuntural ideolóxico e político imperante, co protagonismo en primeira liña de Manuel Iglesias Corral -non esqueza: fiscal xeral da República- e ao seu lado Ramón Carballal Pernas, Pedro González López, Sebastián Martínez Risco, entre outros...

Se se ten a oportunidade de manexar o libro editado que comprendía tal congreso comprenderase a magnitude dos traballos previos para a súa realización, a presenza de personalidades, mesmo o propio ministro de Xustiza, Oriol e Urquijo. E comprenderase tamén ao ler os discursos de inauguración e clausura, a coidada dicción, verbos e adxectivos que se utilizaban nun contexto político que non vía con bos ollos a existencia de dereitos civís forais ou especiais distintos de dereito común, nacional, e que habería que manexar os tempos e termos con moi coidada precisión.

Nese congreso participou de modo moi importante o ilustre maxistrado Ramón Carballal Pernas de tan grato recordo para todos. Verdadeiramente era algo máis que maxistrado; era un humanista con traballos poéticos, colaboracións xurídicas, cunha fluída relación co Colexio de Avogados da Coruña, que o nomeou colexiado de honra. En primeira liña nas publicacións xurídicas que trataban sobre dereito galego, incorporaba ou seu saber non só ás súas sentenzas, senón a libros, artigos, e un permanente quefacer no Foro Galego que tanto lle debe, ao igual que a súa

presenza, maxisterio e achegas á Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, da que era numerario, cun discurso de ingreso sobre Ramón de la Sagra que abondaría para cualificar o autor como figura preminente.

E non só nestas institucións (Maxistratura, Academia, Colexio de Avogados...). Imbricarse no pobo, ou seu folclore, costumes, e de modo activo. Sirva como exemplo: sendo maxistrado en Betanzos, era membro da Xunta Directiva de Focos, Agrupación Artístico-Musical, e a el débese unha recompilación de recordos, fotos, programas que lle transmitiu á directiva ao deixar a cidade.

Porque Ramón Carballal Pernas era un profundo coñecedor de Galicia, os seus costumes, usos, dereitos, institucións que perduraban no tempo e se vivificaban na práctica rural. Non cabe dúbida da satisfacción que lle proporcionou a celebración do I Congreso de Dereito Galego.

No congreso ao que reiteradamente nos referimos, e que se iniciou co impulso dos ilustres colexios de avogados de Galicia, e da Academia Galega de Xuris-

prudencia e Lexislación, participou, cóbado con cóbado como se adoita dicir, Ramón Carballal Pernas, xunto con Manuel Iglesias Corral, Pedro González López, Sebastián Martínez-Risco e Macías, e outros ilustres xuristas, avogados, notarios, maxistrados, que por excesivo número non nomeo, pero todos incorporados ao texto que recolle o I congreso, elaborado integramente polo señor Carballal Pernas.

O seu protagonismo neste I Congreso do Dereito Galego foi, pois, innegable, profundo e permanente, antes, en e logo da súa clausura, elaborando ou texto que compendia tal evento.

Pero a súa figura axigántase cando, prematuramente desaparecido en 1982, segue presente, no recordo nos congresos II e III, nos que a Sección II naquel e a Sección I neste último se titulou “Ramón Carballal Pernas”.

Estamos seguros de que, de estar vivo agora, contemplaría con gozo o desenvolvemento do dereito civil de Galicia que tanto cultivou e amou, e que afortunadamente ten carta de natureza así como a lingua galega en que xa se pode, sen atrancos, falar e escribir.

Hoxe escribo sobre iso e non o fago dende o plano institucional non que me atopo agora, senón como avogado, e con traslado ao 1972 en que acababa de chegar á Coruña, procedente dunha aldea da provincia da Coruña, onde xa viña exercendo había anos, todos os avogados coñeciamos a don Ramón Carballal Pernas e xa pulsabamos a súa categoría humana e xurídica nunha estima e admiración que chega ata hoxe, ata sempre.

O obxectivo do congreso era “a posible revisión do dereito civil especial de Galicia, prevista para o ano seguinte, 1973, e ao mesmo tempo recoller a realidade socio-económica do país galego, cuxas singularidades son merecedoras dunha normativa xurídica axeitada a esta”.

Ramón Carballal Pernas integrouse como secretario da Comisión de Estudos, e ao mesmo tempo participou activamente nos traballos da Sección II, titulada “Paz Novoa”, e formou parte do relatorio desta, constituída polo propio Carballal Pernas, e os señores Fernández Rodríguez, García Caridad e Beiras Torrado. Os catro relatores estudaron os traballos presentados, así como ás comunicacións, e redacta-

ron as conclusións logo de reunións de mañá e tarde durante todos vos días de congreso.

O temario da Sección II comprendía:

A) Compañía Familiar Galega.

B) Dereito agrario (parzarías e arrendamentos rústicos e cooperativismo).

Merecen especial comentario, necesariamente dentro da brevidade, as actas de sesións de traballo, que se recollen integramente no libro que confeccionou Ramón Carballal Pernas, dos días 24 ao 27 de outubro do 72, e que tiveron lugar en reunións de mañá e tarde na Sala Primeira do Civil da Audiencia Territorial da Coruña.

Actuaba de secretario o recordado José Antonio Lois Fernández, que foi decano do Colexio de Avogados da Coruña, pasados os anos, e que recolleu moi pormenorizadamente as discusións e conclusións. Alí tomaban a palabra os relatores, e moi en concreto, o Sr. Carballal Pernas en especial no relativo a parzarías, arrendamentos rústicos, e así mesmo a ilustres colegas con posicións atopadas en busca do consen-

so final. Recordamos a Emilio Santomé Castro, José Doldán Conchado, José Manuel Liaño Flores, Celestino Pardo Castiñeiras etc.

Todo un esforzo para lles dar vida ás institucións tradicionais, e á propia lingua galega...

Foron elevadas ao Pleno do Congreso as conclusións aprobadas e a pesar do contexto político que mencionamos atrás conseguiuuse redactalas en castelán e galego, e así aparecen.

Naquel congreso houbo diferentes actos na Coruña, Santiago e Padrón (Casa de Rosalía) e brillantes intervencións de distintos asistentes.

Quero revivir algunhas frases do falecido Manuel Iglesias Corral, que mantivo entón e sempre unha imborrable amizade e unión con Ramón Carballal Pernas:

-“Reúnenos señores meus, o culto a un deber do que non se pode abxurar sen deshonra.

-Se nas cousas da miña terra me fose dado preferir un ben a todos os demais, cifraríao no logro dun bo dereito.

-De todas as conquistas que ten que facer un pobo, a primeira é a conquista do dereito.

-A alma do pobo só se atopa buscando no soar da raza todo o que constitúe unha vibración do espírito.

-Rememorar as sagradas tradicións -tradición non é rutina- abre as cegas fontes e fai xermolar novamente as aprisionadas augas que nas grutas do espírito dorme aprisionada.

-Pregar o dereito de Galicia é pensar en todos os pobos españois.

-A alma española esta constituída de modo que ansía a unidade e non quere eliminar a variedade, senón conservala.

-Fundir nunha política e nun dereito robustos, fortes, a prosperidade da nación coa sobrecargada riqueza da vida das rexións varias.

-Belo e glorioso traballo o destas xornadas que consente en labrar xuntos as terras daa PAZ “.

Falecido Ramón Carballal Pernas en 1982, La Voz de Galicia publicou o 15 de setembro do dito ano a noticia da súa morte, que desexo recoller aquí pola súa beleza literaria, o seu sentimento incorporado, baixo o título “Loito no Foro”:

“LOITO NO FORO”

O Corpus Iuris do dereito galego, que iso significaba o Libro do I Congreso de Dereito Galego só existe porque Ramón Carballal Pernas asumiu o rudo labor de conservar o contido daquela efemérides que reviste significación de vangarda na historia de Galicia.

A revista xurídica xeral de Galicia Foro Galego saíu ao palenque da loita polo dereito, coa súa dirección. A revista tan esperada, que coa Academia conforma un logro pleno de transcendencia.

As Xornadas Xurídicas Galegas recibiron alento poderoso do seu talento, do seu xenio e da súa inesgotable capacidade.

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, que fixo o seu alto prestixio en grandes galopadas, na que ocupaba posto na súa Xunta de Goberno, débelle colaboración en todos os seus traballos e deixouno como froito espléndido dous seus dotes de investigación e de infatigable obreiro do dereito, un erudito discurso sobre o noso polígrafo Ramón de la Sagra, que por si só abondaría para encher a achega esixible a un xurisconsulto para cimentar a súa fama.

O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, contábao como colexiado de honra, atributo que se concede rara avis e que conxugado cunha realidade fortalecedora, da testemuño dunha singular e exemplar relación entre a maxistratura e a avogacía galega, verdadeiro paradigma, efectivo e real dunha ensamblaxe, que con espléndida e recíproca dignidade, ten na nosa terra unha expresión real, invariable, superadora de todo o importante.

Moitas outras actividades. Unha vida rendido totalmente á chamada máis incitante do ben común: a Administración de xustiza.

Moitas cousas máis se nos van con Ramón Carballal Pernas. Moitas cousas nos quedan da súa obra e da súa vida que merece e será rememorada e recollida como debe ser.

E o amigo. A gran perda, a perda que sobre todo valor, nos trae o implacable destino e espiñenta desaparición dun amigo.

A nosa dor, tornarase nun doce recordo. Silenciosamente acompañano ás nosas pregarías.

As nosas institucións e nós mesmos recordáremolo sempre como un grande instrutivo”.

Como contrapunto a aquel loito polo seu óbito, e para lle dar fin a esta sinxela achega, queremos hoxe sentirnos gozosos no recordo dunha figura insigne que incorporou dende o amor á súa terra galega o seu quefacer vital en vivificar o dereito propio, as súas institucións, costumes, nun tempo hostil que fai máis meritorio ou seu labor despregado.



**O MAXISTRADO RAMÓN CARBALLAL
PERNAS OU O DEREITO CIVIL DE GALICIA
COMO CREACIÓN DO POBO GALEGO**

Xoán Antón Pérez Lema
Avogado

“Cando con fecundidade admirable se inclina unha fronte sobre o traballo construtivo en beneficio da causa común, suscita no noso espírito unha caudalosa admiración, unha gratitude da que hai que deixar pegada, e o rigoroso deber de recoller a exemplaridade brillante que por tal modo se sementa para as motivacións que transcenden a través destas liñas sexan compartidas por todos, no culto dunha estimación, distinta e especial, para a alta calidade de quen afronta tal facer cos seus ilustres dotes.

Estas palabras son para o Ilmo. Sr. D. Ramón Carballal Pernas, o maxistrado insigne que, despois da súa achega ás tarefas do noso I Congreso de Dereito Galego, en todos os seus aspectos, científico e de desenvolvemento deste, aumentou aínda aquela achega coa tarefa –unicamente súa– de confeccionar o presente libro.

I. O DEREITO GALEGO EXISTE

As verbas devanditas constitúen o limiar do decano Iglesias Corral ao *Libro do I Congreso de Dereito Galego*, elaborado polo daquela maxistrado da Audiencia Territorial da Coruña, D. Ramón Carballal Pernas, e editado pola Comisión Executiva do devandito congreso no 1974, algo máis dun ano despois do peche dos seus traballos. Celebráranse estes entre os días 23 e 28 de outubro do 1972, na Sala de Vistas do Civil da propia Audiencia Territorial, no Pazo de Xustiza da Coruña, hoxe sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No 1972 non existía o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á ditadura franquista aínda lle quedaban azos como para reprimir a ferro e lume a oposición democrática. Foi o ano da morte dos obreiros ferroláns Amador e Daniel. O franquismo despediuse no 1975 cunha gran vaga represiva. En agosto do 1975, foi asasinado en Ferrol Moncho Reboiras e, xa no outono, Franco asinaba sen dubidar cinco penas de morte, entre elas a do vigués Xosé Humberto Baena.

De calquera xeito, existía naqueles anos unha vaga xeneralizada por estudar e debater os problemas propios da Galicia e, tamén, os seus problemas xurídicos. Velaí que no 1972, o máis sobranceiro dos xuristas galegos buliran na preparación dunha ilusionante convocatoria: o I Congreso de Dereito Galego. Unha idea presidía este xuntoiro, que D. José Seoane Iglesias, que foi decano de Ferrol e primeiro presidente do Consello da Avogacía Galega, lembra de Ramón Carballal Pernas: “O dereito civil galego é unha creación viva do pobo, é unha expresión da nosa personalidade cultural”. A idea de D. Ramón Carballal era que o dereito civil de Galicia excedía con moito aquel estreito traxe da Compilación do 1963. E este era o latexar, seica case unánime, dos centos de xuristas que participaron naquel congreso. Entre os que destacaban, canda Carballal Pernas e os maxistrados Artime Prieto, García Caridad e Fernández Rodríguez, os decanos Iglesias Corral, D. Pedro González López, o vicedecano ferrolán Santomé, Celestino Pardo Castiñeiras, Xaime Isla Couto ou o propio D. Sebastián Martínez-Risco, xunto con avogados que aínda hoxe exercen, como o decano Seoane Iglesias, Nemesio Barxa e J. M. Liaño Flores.

II. O PROCESO DE COMPILACIÓN DO DEREITO CIVIL GALEGO ATA 1972

Para entendermos o que supuxo tanto a Compilación do 1963 coma o I Congreso de Dereito Galego do 1972 na historia da codificación das nosas institucións xurídicas, cómpren uns apuntamentos históricos.

Nun principio, o proceso comezado pola Revolución Francesa (que adoptou no 1805, canda o imperio napoleónico, un código civil común a toda Francia) e polas Cortes de Cádiz deulle prioridade á idea dun código civil común para todos os territorios da monarquía española, coa orixe na soberanía “nacional” das Cortes españolas. Mais a vizosa realidade dos dereitos civís territoriais (malia estar privados na altura de parlamentos que puidesen actualizalos, agás en Navarra) impúxose e foi unha das causas principais polas que o proxecto de código civil de García Goyena do 1851 non fora adiante. Cando se promulgou ese Código civil común (que, en realidade, codificaba só o dereito civil castelán), no 1888, tivo que recoñecer a prevalencia dos dereitos civís territoriais aló onde existisen. Chamábanse estes dereitos, na terminoloxía do Código Civil,

“dereitos forais”, apelando así á súa orixe medieval e conexas coas liberdades tradicionais de cada reino ou pobo.

Deste xeito, a partir do 1888, comezou a tarefa de compilar as institucións do dereito civil galego nun “Apéndice” ao Código Civil. Mais este labor axiña se revelou moi difícil de rematar, xa que na comisión redactora dese apéndice existía certa representación, residenciada nomeadamente nos profesores da Facultade de Dereito compostelá, que negaba a existencia dun dereito civil galego autónomo e propugnaba reconducir ás realidades xurídicas do noso país as institucións do novo Código Civil (deste xeito, defendían a peregrina idea de que o foro era reconducible á categoría xurídica castelá do censo enfitéutico). Porén, a representación de avogados e notarios, dirixida polo decano coruñés D. José Pérez Porto, impúxose na comisión redactora especial e elaborouse o apéndice legalmente previsto no 1915, malia que non chegara a se aprobar.

O Estatuto de autonomía de Galicia, plebiscitado no 1936, recoñeceuulle ás institucións autonómicas a competencia exclusiva para aprobar o apéndice

que codificase o dereito civil galego, que podería estenderse a todas as materias non reservadas á República no artigo 15 da súa Constitución. Malia que este estatuto non chegou nunca a rexer, por mor do golpe de estado franquista, nesta regulación abrolla primeiramente a tese autonomista fronte ao foralismo ata entón imperante: o dereito civil galego componse das institucións xurídicas vivas no país, practicadas polo pobo e recollidas polos operadores xurídicos, mais a competencia en diante para modificar e desenvolver ese dereito pertenceríalle á representación parlamentaria do pobo galego. Concíliase deste xeito a orixe consuetudinaria do pasado co desenvolvemento parlamentario do futuro. É dicir, concílianse os principios de lexitimidade histórica e vontade democrática. Tamén se define o dereito civil como algo vivo, non suxeito ás institucións consuetudinarias, senón que pode desenvolverse e expandirse ata os límites dos sectores reservados á competencia do Estado. Esta formulación tan nidia non se recolleu no Estatuto do 1981 e houbo que agardar á vixente Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia, para nos dar unha solución legislativa semellante.

Mais a ditadura de Franco fanou todas as posibilidades dunha autonomía legislativa que fose quen de actualizar, modernizar e desenvolver o noso dereito civil. De todos os xeitos, a profesionalidade e a teimosía dos nosos operadores xurídicos, de moitos avogados, notarios, xuíces e maxistrados, e mais o traballo compilatorio e actualizado dos costumes pola Audiencia Territorial no seu corpo xurisprudencial, obrigou o Estado ao recoñecemento limitado da personalidade xurídica galega, o que ocorreu nunha data tan temperán coma no 1946 (o ano seguinte, Carballal Pernas ingresaría na carreira xudicial), canda o Congreso de Dereito Civil de Zaragoza. A partir destas datas, as institucións da ditadura española acordaron promulgar de vez as compilacións de varios dereitos territoriais, entre elas a *Compilación de Dereito Especial de Galicia*. Foi no 1963 e as institucións compiladas foron os foros e subforos e mais a Compañía Familiar de Galicia. A compilación aceptaba como pertencentes ao dereito civil galego, asemade, os usos e costumes recoñecidos probados pola Sala do Civil da Audiencia Territorial da Coruña. Sala que era sucesora da Real Audiencia do Reino de Galicia (coñecida no século

XVIII polos nosos labregos como a fonte limpa, por ser o único Tribunal de Dereito en Galicia, malia a súa natureza primariamente vicerreinal), antecesora, dalgún xeito, da actual Sala do Civil do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

III. DESENVOLVEMENTO E CONCLUSIÓN DO I CONGRESO DO DEREITO GALEGO. O RELATORIO DE CARBALLAL PERNAS NA SECCIÓN 2.^a

O congreso fora convocado por todos e cada un dos sete colexios de avogados de Galicia (non existiría Consello da Avogacía Galega ata 1994) e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. A convocatoria, proxectada para as datas entre o 23 e o 28 de outubro do 1972, acordouse no Hostal dos Reis Católicos o 2 de xaneiro de 1972, nunha solemne xuntanza das sete xuntas de goberno dos ilustres colexios de Galicia. A sesión acordou nomear presidente do congreso o decano coruñés, D. Manuel Iglesias Corral (1), e elixiu unha comisión organizadora presidida polo decano de Lugo, D. Pedro González López (2), e integrada polos outros cinco decanos; o secre-

tario e o secretario xeral do congreso foi o avogado coruñés J. L. Alonso Zato, na altura secretario do Colexio de Avogados e que hoxe segue exercendo.

No acordo de convocatoria, constituíse unha Comisión de Estudos presidida polo maxistrado D. Sebastián Martínez-Risco e Macías (3), na altura presidente da Real Academia Galega (RAG) e na que o noso D. Ramón Carballal Pernas actuaba, canda o tamén avogado felizmente exercente José Luis López Mosteiro, como secretarios. Compartían esa comisión xuristas galegos tan ilustres coma os maxistrados D. José Antonio García Caridad (4), Antonio Fernández Rodríguez e Manuel Artime Prieto, así como o catedrático Xosé Manuel Beiras Torrado, que estaba para tirar do prelo a primeira edición de *O atraso económico de Galicia*.

A Comisión Organizadora e o Comité de Estudos do Congreso definiron cinco seccións ou comisións de debate: a primeira “José Pérez Porto” (5), trataba sobre os temas do título preliminar da entón vixente Compilación de Dereito Civil Especial de Galicia: fontes, capacidade e relación interordenamentais. Na segunda, “Paz Novoa”, actuou como relator D.

Ramón Carballal Pernas, canda o profesor X. M. Beiras Torrado e os maxistrados Antonio Fernández Rodríguez e José A. G.^a Caridad. Trataba da Compañía Familiar galega e do dereito agrario galego, sobre todo das súas institucións da parcería e dos arrendamentos rústicos e incluía un subrelatorio sobre cooperativismo, redactado en galego (6) polo profesor Beiras. Na terceira, dedicada a Augusto González Besada, tratouse a lexislación de montes (7) e augas. Na cuarta, dedicada a Castro Bolaño, tratáronse as institucións galegas que haberían desaparecer da entón vixente compilación (foros e subforos) e as outras que haberían incorporarse (testamento mancomunado, usufruto universal de viuvez, servidume de paso...). Na quinta, "Durán García", tratáronse os temas libres e as comunicacións.

Os moitos que viven e participaron naquel congreso lembran, de xeito moi especial, o intensísimo traballo científico de Ramón Carballal Pernas, tanto na preparación e no desenvolvemento dos debates coma na súa comunicación á posterioridade. Verdadeiramente, como manifesta o decano Antonio Platas Tasende (8) "... se a convocatoria do I Congreso

de Dereito Galego se lle debe fundamentalmente a D. Manuel Iglesias Corral, debémoslle a súa vixencia para a posterioridade á intensa e depurada obra de Ramón Carballal Pernas, feita realidade no *Libro do Congreso* que foi, de xeito case exclusivo, o resultado do seu traballo". Na preparación dos materiais, coordinación e edición do Libro (un labor monumental de case 800 densas páxinas), Carballal Pernas contou coa inestimable axuda do lendario Marcial Rico, Oficial Maior do Colexio de Avogados ata a súa xubilación, hai poucos anos.

A Sección 2.^a, da que Carballal Pernas foi relator, desenvolveu algún dos máis sobranceiros debates congresuais. Unha achega principal de Ramón Carballal foi a definición mixta da Compañía Familiar galega como institución contractual (tácita) e familiar, como mellor instrumento para fortalecer as posicións persoais dos integrantes da Compañía Familiar: tanto os vellos que xa non poden traballar e precisan dos coidados familiares coma dos mozos que "casan para a casa". Foron rexeitadas propostas como a de que a Compañía Familiar regula tamén as empresas industriais, asunto tamén debatido no III Congreso de

Dereito Galego (9), malia que esta proposta foi, ao final, rexeitada. Destacou a proposta de reforma da Compilación para que, unha vez outorgada a mellora hereditaria a prol de persoas que antes ou despois casasen para a casa, a mellora fose irrevogable, a non ser que incorresen en causas de indignidade ou desherdamento ou que faltasen gravemente aos deberes de convivencia e lealdade para co mellorante ou coa Compañía.

Os traballos desta tan produtiva Sección 2.^a, animada incansablemente polo maxistrado Carballal Pernas, propuxeron tamén, por iniciativa do eminente avogado J. M. Liaño Flores, que non se aplicase no futuro a prórroga forzosa dos arrendamentos rústicos para Galicia en sede de lei estatal xeral, deixando esa cuestión á regulación específica galega, que habería de integrar tamén a institución da parcería. As conclusións remataron cunha proposta de fonda e completa regulación normativa das cooperativas de produción e servizos como modelo de futuro para o campo galego, regulación que habería de abrirse non só aos propietarios, senón aos arrendatarios, e tería de se completar cunha activa política de bene-

ficios fiscais e facilidades crediticias. Na cuestión do cooperativismo, como xa dixemos, o relatorio oficial gravitaba sobre o catedrático X. M. Beiras Torrado.

IV. PECHE DO I CONGRESO E EDICIÓN DO SEU LIBRO POR D. RAMÓN CARBALLAL PERNAS

En xeral, nesta e noutras seccións deste I Congreso destacaba a tese de que a Compilación non recollía na súa integridade o dereito civil de Galicia, subsistente ata 1963 como creación consuetudinaria do pobo galego. Deste xeito, considerábase esencial unha regulación normativa da servidume de paso, institución esencial para o noso agro na altura e totalmente allea ao sistema do Código Civil. Tamén respecto da pervivencia consuetudinaria é precisa a incorporación á Compilación do dereito de labrar e posuír, dos pactos sucesorios de mellora e apartación, do usufruto universal de viuvez e do testamento mancomunado. Concordou o Congreso, asemade, coa diagnose da total perda de vixencia respecto dos foros e subforos (10).

Este sentir xeral era sobre todo clarividente en Ramón Carballal Pernas, para quen constituían dereito galego as institucións vivas na percepción xurídica popular, polo que cría, canda José Seoane Iglesias, na prevalencia do dereito galego, non só sobre o Código Civil, senón en xeral sobre o dereito común. E, despois, no ámbito do dereito galego de principal aplicación, a absoluta prevalencia do costume sobre a lei; é dicir, na altura do costume sobre a Compilación. Ou, como dicía o eminente xurista Celestino Pardo Castiñeira nunha súa comunicación ao III Congreso de Dereito Galego, no 2002, “o costume é a verdade”. Esta prevalencia do costume mantívose na adaptación á Constitución e ao Estatuto e na integración da Compilación no dereito galego (por Lei do 1987) e na Lei 4/1995, de dereito civil de Galicia. Habería que agardar ata a vixente Lei 2/2006 para nos atopar coa prevalencia da lei sobre o costume no sistema de fontes do dereito civil de Galicia.

Seoane Iglesias considera que Carballal Pernas acreditaba sinceramente nesa prevalencia do costume para xustificar a vitalidade creativa dun

pobo e permitir unha constante actualización que excedía os estreitos marcos da Compilación e doutras que viñeran. E amósase dubidoso respecto da actual solución lexislativa da prevalencia da lei sobre o costume, malia que recoñeza que agora, si, Galicia conta cun Parlamento con potestade lexislativa propia que pode actualizar o seu dereito de xeito que se manteña vivo, malia que siga desconfiando de que mesmo unha lei galega poida descoñecer ou contradicir un costume notorio e vivo.

José Seoane mantivo unha íntima amizade persoal e intelectual con Carballal Pernas, de quen garda unha viva e agradecida lembranza, polos continuos azos que lle daba no seu labor forense e científico. “Animoume moito a participar neste I Congreso e de feito redactei un traballo sobre as fontes do dereito civil de Galicia”. Nosoutros temos, por forza, que corrixir a modestia do decano Seoane Iglesias. En realidade, o seu traballo constituíu o cerne da Sección Primeira, desenvolvendo os alicerces históricos do dereito galego, as fontes do dereito civil galego e as súas relacións co dereito común supletorio, os problemas de adquisición e perda da veciñanza

civil, os conflitos interterritoriais e a capacidade da muller casada (11), para rematar pondo en valor o dereito civil de Galicia como realidade da que “afloran variantes cargadas de potencial creador, coa base sustentadora da tradición e do arraigamento”; en resumo, axeitado á súa fe no potencial do pobo como suxeito creador dun dereito vivo como parte integrante na súa personalidade cultural. Unha fe científica na que o decano Seoane Iglesias se ratifica e confesa seareiro e discípulo do mestre Carballal Pernas.

Lembra o decano Seoane Iglesias que para D. Ramón Carballal Pernas o xuíz galego tiña a obriga moral e profesional de interiorizar a alma xurídica do pobo galego e comprender a contorna das súas institucións xurídicas para a súa aplicación práctica.

V. CARBALLAL PERNAS, DEFENSOR DO GALEGO E DE GALICIA

D. Ramón Carballal Pernas sería o primeiro académico en ingresar na Real Academia Galega

de Xurisprudencia e Lexislación, o 2 de abril de 1976, cun discurso redactado e lido integramente en lingua galega. No seu "Ideario político-social e penitenciario de Ramón de la Sagra", D. Ramón Carballal Pernas achégase ao esgrevio polígrafo e empresario protosocialista, co que compartía o amor pola Cuba onde nacera Carballal Pernas no 1921 e onde Ramón de la Sagra morou doce produtivos anos, entre 1823 e 1835.

José Seoane Iglesias lembra en D. Ramón Carballal este amor polo Caribe natal e o seu labor por acadar un galego depurado, útil para a comunicación sinxela e completa das ideas sociais e xurídicas. Depuración e elegancia lingüística que amosa, non só no devandito discurso de ingreso académico, senón noutros importantes traballos, no seu traballo "Ante a revisión do Dereito Civil de Galicia", inserido na obra colectiva *Estudos de Dereito Civil de Galicia*, que editou a Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT) dirixida na altura polo intelectual, xurista e patriota galego D. Xaime Isla Couto, falecido hai poucas semanas en Vigo.

VI. CONCLUSIÓN: CARBALLAL PERNAS NA HISTORIA XURÍDICA DE GALICIA

Outros traballos desta obra colectiva lembrarán a actividade poética de D. Ramón Carballal. Ao respecto, o decano Platas Tasende aínda lembra con saudade agarimosa as súas panxoliñas nos Nadais que publicaba na revista Foro Galego, editada polo colexio coruñés. Como o seu labor de animación cultural na Asociación Candilejas de Betanzos, cando exerceu o cargo de xuíz desta vila e partido.

Outros traballos deste libro lembran a súa faciana de xuíz con mentalidade progresiva e moderna, atento á realidade social e xurídica galega e dotado de ampla capacidade técnica e de coñecementos científicos.

Pola nosa banda, a intención destas liñas foi lembrar, neste 2012, que hai 40 anos había xuíces xustos e avogados honestos que traballaban día a día por construír, contra a ditadura, un dereito civil de Galicia que respondera á conciencia xurídica popular e que fose útil para as necesidades sociais, económicas galegas. Que actuase a prol da paz social e do progreso do noso país.

O I Congreso de Dereito Galego principiou cunha eucaristía oficiada en galego polo cóengo galeguista D. Xosé Mourente, na igrexa de Santa Lucía, e rematou co canto do Himno Galego, diante do ministro de Xustiza franquista, Oriol y Urquijo, que presidía a sesión de peche. Conta o decano Platas Tasende que foi unha decisión persoal de D. Manuel Iglesias Corral. De seguro que D. Ramón Carballal Pernas o cantou daquela coa honestidade patriótica de quen sabía estar no abrente das mil primaveras de Celso Emilio Ferreiro.

Malia que unha morte temperá, o 14 de setembro do 1982, xusto cando Galicia principiaba o camiño do seu autogoberno, lle impediría vivilas.

NOTAS

(1) D. Manuel Iglesias Corral, nado no 1899, fora fiscal xeral da República no 1932. No 1972, era decano do colexio coruñés e presidente da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación. Na democracia, foi senador elixido, canda D. Valentín Paz Andrade, pola Candidatura Democrática Galega (1977). E foi deputado do Parlamento de Galicia nas súas primeiras lexislaturas.

Non foi o único decano galego na política. Esta chamada recibírona persoeiros coma o decano Álvarez Gándara (secretario xeral do Partido Galeguista entre 1980 e 1982 e candidato á Presidencia da Xunta nas primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia) ou o decano González López. O decano Seoane Iglesias recoñece que D. Ramón Carballal Pernas sempre o animaba para colaborar na política, por precisar o galeguismo de persoas preparadas e bos profesionais. D. José Seoane nunca quixo dar este paso, malia ser decano do colexio ferrolán e inesquecible primeiro presidente do Consello da Avogacía Galega. O primeiro dos nosos persoeiros corporativos, por certo, que se dirixiu en lingua galega aos congresistas do Congreso da Avogacía Española cando compartiu, na súa apertura, na Coruña, a fins de setembro do 1995.

(1) D. Pedro González López foi decano do Colexio de Avogados de Lugo e vicepresidente do Partido Galeguista. Faleceu no 1988, representando ao colexio na toma de posesión de Amando Losada (avogado e congresista no 1972), como delegado da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, exercida na altura polo eminente administrativista Pablo González Mariñas. A Irmandade Xurídica Galega recoñeceu a súa obra xurídica e patriótica na edición do 2010, no seu Lugo natal.

(2) A D. Sebastián Martínez-Risco e Macías, presidente da Real Academia Galega (1960-1977) e maxistrado, xubilado xa canda o I Congreso do Dereito Galego, débémolle a instauración do

Día das Letras Galegas. O seu fillo, o avogado coruñés Sebastián Martínez-Risco Valdivielso, segue a dirixir o despacho fundado polo seu pai.

(3) D. José Antonio García Caridad era maxistrado-xuíz na altura (1972) e despois desenvolveu as súas funcións de maxistrado da Sala do Civil da Audiencia Territorial de Galicia e, dende 1989, maxistrado da Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Un dos máis sobranceiros autores no que atinxe ao dereito civil de Galicia, desenvolveu a Presidencia do Consello Consultivo de Galicia dende a súa fundación ata 2008.

(4) D. José Pérez Porto, decano do Colexio de Avogados da Coruña, foi a alma mater dos primeiros trazos do apéndice de dereito civil de Galicia (1915). Castelao gabou a súa teima incansable para que o Estado español recoñecese o noso como país con dereito civil de seu, para o que contou coa axuda dos colexios de avogados galegos e do notariado do país, fronte aos catedráticos da Facultade de Dereito da Universidade Compostelá.

(5) No 1972, o galego non era lingua oficial e non podía ser usado na Administración nin nos tribunais, malia que si na Igrexa, polos pactos concordatarios do 1953 e o recoñecemento do Concilio Vaticano II en canto ás linguas vernáculos. As achegas en galego ao Libro do I Congreso de Dereito Galego foron inusualmente abondosas, quizais superiores porcentualmente ás do III Congreso do 2002. Lembremos as do presidente da RAG, D. Sebastián Martínez Risco, as do eminente avogado Nemesio Barxa, as de Xosé Manuel Beiras, o notario Eduardo Menéndez-Valdés Golpe ou o avogado Jesús Varela Fraga. Cómpre salientar a progresiva proposta de oficialización práctica do galego na xustiza formulada polo avogado Nemesio Barxa e a súa moderada acollida, mesmo entre congresistas próximos ao franquismo sociolóxico, ma-

lia que congresistas coma González-Dopeso quixeron arrombar a proposta á oralidade da proba entre galegofalantes e manter o castelán como única lingua da “parte escrita” do proceso civil, nidiamente sobranceira ata a Lei 1/2000, de axuizamento civil.

(6) No 1972, a Lei de montes do 1968, alicerzada nos esquemas municipalizantes e publicadores casteláns, era incompatible co carácter privado dos nosos montes comunais en man común e abertais. A primeira regulación dos montes en man común aprobouse no 1980 (Lei 55/1980). Nesta lei (inspirada nas conclusións do I Congreso de Dereito Galego), a súa esencial disposición derradeira terceira declaraba a nulidade radical, por inexistente, de calquera negocio xurídico non que non interviñese a inmemorial comunidade propietaria. Galicia normativizaría sectorialmente estes montes na súa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

(7) Antonio Platas Tasende, actual decano do Colexio de Avogados da Coruña e presidente do Consello da Avogacía Galega, constitúe unha lenda viva no ámbito do foro deste país. Profesor moitos anos de Dereito Mercantil da UDC, actualmente dedícase en exclusividade aos seus cargos corporativos.

(8) O III Congreso de Dereito Galego celebrouse baixo a presidencia do entón presidente do Consello Consultivo de Galicia, José Antonio García Caridad, a fins de outubro do 2002. No seu seo, viviuse o debate extraxurídico derivado do afundimento do Prestige, ocorrido días antes. No que atinxe aos seus debates xurídicos, o máis sobranceiro foi a oposición entre xuristas partidarios de manter a mellora (nos que destacaban os avogados lucenses) e xuristas partidarios da liberdade de testar (nos que destacaban os notarios). A solución final (a lexítima do cuarto do haber hereditario da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia arestora vixente)

constitúe unha solución de síntese, malia que máis achegada ás teses a prol da liberdade de testar.

(9) Os foros e subforos que, na altura, non conservaban xa vixencia ningunha, foron definitivamente derogados pola Lei galega de decembro do 1987 que incorporou os preceptos da Compilación ao dereito galego e suprimiu, canda os foros e subforos, as limitacións da muller casada respecto das outras persoas, inconstitucionais dende a promulgación da Constitución do 1978.

(10) Á muller casada fóralle recoñecida certa capacidade de obrar no 1962. Malia esta reforma, a súa desigualdade era evidente á vista dos preceptos da Compilación do 1963, polo que a solución a esta desigualdade constituía no 1972, ademais dun problema de xustiza material, unha esixencia social, tendo en conta a gran cantidade de familias galegas na altura nas que a muller exercía a xeito de cabezaleiro. Malia que a igualdade xurídica plena houbo de agardar ata a Constitución do 1978, a reforma do Código Civil de xuño do 1975 equiparou na praxe a muller casada aos restantes homes e mulleres no ámbito xurídico privado.



DON RAMÓN

José Seoane Iglesias

Ex-decano do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, ex-presidente do Consello da Avogacía Galega, avogado e numerario da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Unha vida –díxose- non cabe na memoria. E na miña, aínda que non sexa o “campo grande e pazo marabilloso” de que fala santo Agustín nas súas *Confesións*, aínda recordo, con respecto e admiración, as variadas facetas deste ilustrado xurista; sobre todo, a súa fondura humanística e a súa bonhomía. Foi, en vida, paradigma de rigor profesional, comprensión e ecuanimidade. Ardoroso defensor do seu oficio (“non o hai máis importante, nin hai dignidade máis imponente”) e da cultura galega. Non en van escribiría, en 1973, en *Estudos do Dereito Civil de Galicia*, onde colaboraban outros autores, que un aspecto desa cultura era o dereito.

Non creo que faga falta acudir ao superlativo para engrandecer a súa traxectoria vital porque o seu emprego podería levarnos a grave imprudencia, dando lugar a meras e vas polémicas, segundo nos recordaba o ideario borgeano. Foi unha autoridade entre os seus compañeiros. Valla, ao respecto, unha simple anécdota, oída nos corredores da antiga Audiencia Territorial, por quen isto escribe: “Isto éche así”, respondíalle un home de leis a outro colega, sobre unha cuestión xurídica. “Por que?”, inquiría o cole-

ga preguntador, e este escoitou: “Díxomo Ramón”. O relator da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 26 de xuño de 1998, alude a este xuíz, ao que cualificará como “un *dos nosos xuristas máis prestixiosos*” e a Sección 1.^a III Congreso de Dereito Galego (A Coruña, 2002) levará o nome de Ramón Carballal Pernas.

No ano 1938 morría, nos EUA, Benxamín Nathan Cardozo, cando posuía o rango de xuíz do Tribunal Supremo Norteamericano, e do que se dicía que tiña todas as calidades necesarias para ser un gran xuíz do Common Law por deter o sentido da historia, o filosófico e o da realidade. Non lle faltaron a don Ramón eses soportes, tidos en conta en moitas das súas resolucións dentro das ordes civil ou mercantil; e, xa no dereito civil de Galicia, que el cualificaba de “dereito civil especial”, sequera sentaba que era o dereito “propio” de Galicia, sostiña, por respecto ao eco histórico e á realidade social desta terra, que os xuíces galegos tiñan a obriga de non deixar morrer o noso peculiar ordenamento xurídico, aínda que minúsculo, porque estaba vivo.

Coñecín a don Ramón Carballal Pernas sendo este maxistrado-xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Ferrol. Tomei leccións de dereito con el alá polos anos sesenta, ou antes, non o recordo con exactitude. E digo “tomei” por seguir o ditado de Cesare Pavese -“as leccións non se dan, tómanse”-, intentando seguir as pegadas do magister... sen conseguilo. Pero souben, por primeira vez, como debía estudar, en que condicións habería de internarse un nun sistema no que se ordenaban as institucións e as figuras xurídicas imbricarse unhas con outras; para que servía o que chamaban orde xurídica, e ata a correcta pronunciación dos nomes de autores estranxeiros. Don Ramón perdeu horas e horas comigo, esquecendo deberes e esixencias conxugais e paterno-filiais. Foi xeneroso e desprendido. Impagable.

Momentaneamente perdín un anxo protector ao trasladarse don Ramón á Audiencia, na Coruña. Momentaneamente, digo, porque a principios dos anos setenta me suxeriu a idea de enviar un traballo ao “I Congreso do Dereito Galego”, cuxa celebración tería lugar na cidade herculina durante os días 23 ao 28 de outubro de 1972, promovido polos colexios de

avogados galegos e a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Alí remitín unhas notas sobre o desenvolvemento histórico do dereito galego, as fontes xurídicas deste, a Compilación de 1963 e outras materias. Hoxe figura, dentro da sección I “Pérez Porto”, no libro do dito congreso.

A solvente formación xurídica de don Ramón, unida á súa cultura, determinou que a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o nomease académico numerario. E, en abril de 1976, leu o discurso titulado *“Ideario político-social e penitenciario de don Ramón de La Sagra”*, escrito en lingua galega, cunha ampla relación das obras deste coruñés, que -dirá o académico- *“foi máis que sabio, un adiantado e un profeta”*.

Cando outro destacado xulgador escribiu que “non había sitio” no dereito para o artista ou para o poeta”, non advertiu as excepcións ao así escrito. Don Ramón, espírito sensible, era unha delas. Nas súas célebres *panxoliñas*, publicadas pola revista xurídica *Foro Galego* nas épocas de Nadal, puidemos apreciar a súa vea poética. Do poema *“Os Labregos”*, este “irmán de Foro Galego” invitábanos a recoller e sentir o que ao ser humano ofrecen as variacións estacionais

do tempo terreal: *“Cada primavera unha esperanza/
cada outono un pensar/cada verán unha loita/cada in-
verno un soñar”*.

De don Ramón Carballal Pernas, autor de interesan-
tes e documentados traballos sobre o noso peculiar
dereito civil (Vid., por exemplo, o tomo IX da Gran
Enciclopedia Galega, os citados Estudos do Dereito
Civil de Galicia e a revista xurídica Foro Galego), en-
tre outras publicacións), podería dicirse, con Tácito,
que “non co corpo morren as grandes almas”, pois
que, para moitos de nós, a súa irónica intelixencia e a
súa bondade andan, aínda, por aquí.

**ESCOLMA POÉTICA DE
RAMÓN CARBALLAL PERNAS**

A PONDAL

*Soio un amor para cantar a Galiza,
soio a túa voz en loita alzada,
en defensa da terra asoballada,
con ise verso teu, que che eterniza.*

*Soio a túa voz que pide e que crama
polo vivir d'un pobo asolagado.
Soio o verso teu, de xenio lumiado,
cheo de amor, de ideales e de flama.*

*Toda a forza do ruxiente mar.
Todo un buír de piños polo vento.
Toda a terra para ti non recordar.*

*¡Que grande linaxe o do teu talento,
feito verbas, feito lus, feito cantar!
¡Que bon sementador de pensamentos!*

A EMIGRACIÓN

*O pai, a nai e sete fillos.
Catro leiras e tres pradelas
Un fillo para morrer na casa,
os outros seis, onde Deus queira.*

*Din que choran, din que xemen,
din que fuxiron do agro...
Son homes que camiñan o mundo
e soio choran sangue e suor.*

*Se poideran voltar virían a bandadas,
como as anduriñas no vran.
Se poideran voltar, cecais,
fuxirían de novo, secos de fame.*

*A boa terra é pouca, non chega a nada,
e berran os que non saben,
os que pensan que ser galegos
é unha aldraxe: ¡galegos!...*

*Primeiro foi o cañaveral,
a selva ou a Pampa.
Os bodegueiros de Cuba
e os ferreiros d'Arxentina.*

*¡Ali quedaron, feridos de traballar!
¡Ali quedaron, feridos de ilusións!
¡Ali quedaron nun soño crebado!
¡Ali quedaron, nun soño de fadiga!*

*Agora é a Europa quen manda.
As néboas de Londres ou Suiza.
As fábricas d'Alemaña
ou a laboura nos Países Baixos.*

*Agora os irredentos galegos,
andan de peóns en París,
de cociñeiros en Mánchester
e cavan o carbón de Bélxica.*

*Agora teñen vacacións pagas
e cuspen divisas decote.
No corpo a escravitude nova;
o traballo sen cultura nen folgas.*

*Se poideran voltar virian a bandadas
como as anduriñas no vran.
Se poideran voltar, cecais,
fuxirían de novo, secos de fame.*

*¡Alí ancoraron, feridos de traballar!
¡Alí deprenderon a matar as ilusións!
¡Alí ancoraron nun soño crebado!
¡Ali sufriron unha anguria de soedás!*

*Xa non teñen amor á terra,
soio queren o poder dos cartos,
hastra as mulleres fuxen do agro
para escorrentar os medos da miseria.*

*Acó traballan os vellos e os nenos,
uns para atopar a morte axiña,
os outros para seguir na loita:
¡Noites e abrentes da vida!*

*Os homes da Galiza durmen.
Aínda non saben ser rebeldes
e teñen que cumprir o seu destino:
¡Elixen o desterro da esperanza!*

*Pro un día despertarán fortes
cramando polo que lles roubaron.
Un día despertarán alporizados,
unxidos polos mesmos ideais.*

*Dende os montes e os mares,
escoitarase o latexo das xeracións.
¡Un berro infindo de picato en picato,
unha pascoa lucente de reivindicacións!*

*Chegará este tempo de igualdá.
Este tempo da cultura e dos dereitos.
Xa non choricaremos máis:
¡A terra nosa, será nosa!*

*Namentras...imos peleginando,
senalados pola vergoña de fuxir.
Empuxados polas cobizas dos famentos,
egoístas, probes, morriñentos...*

*O irmau non quere nada co irmau.
E Deus pregunta de novo:
¿Que fixeches do seu sangue,
Que fixeches dos eu suor?*

*O pai, a nai e sete fillos.
Catro leiras e tres pradelas.
Un fillo para morrer na casa,
os outros seis onde Deus queira.*

OS LABREGOS

*Cada primaveira unha esperanza,
cada outono un pensar.
¡Cada vran unha loita,
cada inverno un soñar!*

*Soio a terra e vosoutros
e o ceio para ollar.
Polos sulcos e fadiga
do suor bíblico.
Ides co traballo a fror de pel
e vivides coa monotonía das colleitas.
Sempre ataxidos á terra
e sempre maxinando bonanzas.
Non hai relós que vos marquen o tempo,
soio o sol, os ventos e a choiva.
Se sementades non sabedes,*

*que repetides a historia do mundo.
Sodes coma paxaros sen azas,
empedidos para voar,
coas maus sempre cheas,
e dispostas a labourar.
Contrapunto dos poetas,
representades a realidade da vida.
Elementais, fortes e resiñados,
levades ás costas as cargas da humanidade.
Polos séculos dos séculos,
seredes iguais.
Mais nai de vos arrincaré o segredo
de saber asperar en Deus.*

*Cada primaveira unha espranza,
cada outono un pensar.
¡Cada vran unha loita,
cada inverno un soñar!*

NENOS DAS CHABOLAS

*Neno dos ollos tristes, fillo das chabolas,
orfo d'amor e das cousas boas,
a quen naide lle dá un prato quente,
e pasa o inverno sen abrigo e sen roupa.*

*Neno famento de alegrías e boandanzas
que tremes de frío nas noites longas
e non podes escorrentar a humidade,
da choiva ou da neve, que che roe o corpo.*

*Eu sei que, probe e todo, farás ofrenda
dun feixe de palla do teu leite miserábele
ó Nadal que erguedes na cabana,
xa que ti, pasaches frío.*

*Eu sei que, se alguén peta na túa porta,
para che pedir un cacho de pan,
partirá o teu de bon xeito,
xa que ti pasaches fame.*

*Non chores, neno bo, polos ruís,
eses que non poden dar e non dan nada,
eses que choromican medos
e se asconden das realidades.*

*Eses que din, que testemuñan a Deus,
e o crucifican de novo, nosos irmáns.
Eses que non saben dos pequeniños,
Porque o teñen todo e arrotan da fartura.*

*Ti, cos teus ollos tristes, non tes nada,
soio a compañía dos pequeniños evanxélicos.
Non tes nin a calor dun establo,
para consolo do teu corazón nidio.*

*¡Porque é probe o fogar e o frío te afoga,
porque é pouco o comer e non tes lume,
a túa chabola todo o ano é un pesebre
e o Neno Xesús es ti!*

O MEU PANDEIRO

*O meu pandeiro non peta,
o meu pandeiro non toca.
Arrinqueille as ferreñas,
púxenlle unhas fitas mouras.*

*Imos logo hastra o Portal
pola estrela sinalado,
ímos para pedirlle ó Neno
que sexamos perdoados:*

*Dos nosos días perdidos
en "egos" non confesados.
Das verbas que non dixemos
e das que non escoitamos.*

*Das loitas que non tivemos,
das fadigas que escudamos.
Daqueles dos que fuximos
e daqueles que aldraxamos.*

*Das apretas que non dimos.
Das portas que non abrimos,
dos nosos bens que pechamos...*

*Coma os Pastores dos tempo
iamos a Belén pregando*


*Iamos coas verbas rotas,
Fartos dos nosos pecados.
Iamos de compañeiros
de tódolos marxinados.*

*Amarelos coor da pobreza,
amarelos de inverno xeado
que lles fere as mans amarelas,
siño dun Mundo acongoxado.*

*Noso corazón valeiro
tense que dar alcen da o lume
que tiñamos apagado.*

*O meu pandeiro non peta,
o meu pandeiro non toca.
Arrinqueille as ferreñas
púxenlle unhas fitas mouras.*

*Eime de facer un novo
e que teña outro soar
Que pete para tódolos homes:
¡Xustiza, Liberdade e Paz!*



Canto do Rio Eume

Pé-ro os meus amigos de Muros

Por Ramón Carballal Pernas

*Eu tamén teño a meu río,
irmán do Landro e do Sor.
E de puro cristal e augas puras,
de seixos brancos e aéas no leito.
De ourélas verdes que fumegan ó sol
ou que choran brétemas de lúa.
De ourélas onduantes coma mozas novas
ou que se asconden antre as ponlas dos carballos.
Coma ven da outa cume do Gistral
mostra un anxeio de reloucar nas pedras
e creba en escumas e en iris,
os seus máis grandes desexos.*

*Meu río branco que camiñas pera o mar,
virxen de enganos e cheo de ensoños,
ti fas historia no sulco das pedras.
A historia verdadeira dos tempos
As tuas augas que fuxen brincadoiras,
son augas da eternidade.
Ti sabes das vixilias da noite
e dos menceiros craros;
ti sabes dos días iguaes,
dos que virán e dos que foron.*

Ramón Carballal Pernas

DE
MIN
PRA
TI

Antoloxía de poemas en galego e castelán.

Índice

7	PRÓLOGOS
13	A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E A IRMANDADE XURÍDICA GALEGA
27	OS TRIBUNAIS E O TERRITORIO
43	ESTUDO SOBRE A VIDA E OBRA DED. RAMÓN CARBALLAL PERNAS
97	XUSTIZA PARA O GALEGO
121	RAMÓN CARBALLAL PERNAS E O I CONGRESO DE DEREITO GALEGO
139	O MAXISTRADO RAMÓN CARBALLAL PERNAS OU O DEREITO CIVIL DE GALICIA COMO CREACIÓN DO POBO GALEGO
167	DON RAMÓN
175	ESCOLMA POÉTICA DE RAMÓN CARBALLAL PERNAS

Este libro editouse co gallo da celebración da
V Asemblea da Irmandade Xurídica Galega,
celebrada na cidade da Coruña
o día 23 de xuño de 2012,
no Salón de Actos do Reitorado
da Universidade da Coruña, coincidindo co
90 aniversario do nacemento de
don Ramón Carballal Pernas.